

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de outubro de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTEN:

D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día once de outubro de dous mil catro e baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, e a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.(1255)- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 264/2004 INTERPOSTO POR AENA CONTRA RESOLUCIÓN DO CONCELLO DE REDONDELA EN RELACIÓN CO IAE 1998-2002. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta da sentenza de data 1.09.04 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declaro a INADMISIBILIDADE do recurso contencioso administrativo interposto por Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea S.A. contra resolución do Concello de Redondela de 10.07.2003, desestimatoria do recurso de reposición formulado contra resolución derivada de acta de disconformidade 1990/2003, en relación co imposto sobre actividades económicas (IAE) dos anos 1998 a 2002. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos departamentos de Admón. de Tributos (IAE) e a Inspección de Tributos.

2.(1256)- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 285/2003 INTERPOSTO POR D. CARLOS PAJARES CAMPOS E OUTROS CONTRA RESOLUCIÓN DO 1.08.03 EN RELACIÓN CON PROVIDENCIAS DE CONSTRINXIMENTO DE TAXA DE LIXO DOMICILIARIO 1997-2000. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 01.9.04 dictada polo Xulado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo parcialmente o recurso contencioso administrativo interposto por CARLOS e JESUS PAJARES CAMPOS, NURIA e DIEGO LÓPEZ PAJARES e JESUS PAJARES RIVAS contra resolución de 1.08.2003 do Concello de Vigo que desestima o recurso de reposición interposto contra providencias de constinximento dictadas en data 4 de marzo de 2003 cos números 382 a 399/2003 (ambas inclusive) no Expediente 22088/513, en relación con vivendas nº 3, 5 e 7 da calle Travesía Pastora 3ª, correspondentes os exercicios 1997, 1998, 1999 e 2000; resolucións que modifíco no único sentido de deixar sen efecto as providencias citadas na medida cas mesmas veñan referidas ás taxas de lixo correspondentes ás anualidades 1999 e 2000, o entender que ditas taxas xa foron abonadas polos demandantes. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos departamentos de Recadación Executiva-Tesourería e Admón e Tributos (Lixo-Vivendas).

3.(1257)- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 161/04 INTERPOSTO POR PELUQUERÍA BELLEZA Y RODA S.L. CONTRA RESOLUCIÓN SOBRE ANULACIÓN DE LIQUIDACIÓN DA TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 13.09.04 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso administrativo interposto por PELUQUERÍA BELLEZA Y MODA S.L. contra Resolución de data 2-02-2004, dictada polo Concelleiro-Delegado do área de Xestión Municipal do Concello de Vigo, que desestima o recurso de reposición interposto polo recorrente fronte a liquidación da taxa de aproveitamento especial da vía pública correspondente ao mes de outubro de 2003, resolución que anulo, ao entendela contraria a dereito, condenando á Administración demandada á devolución das cantidades que a demandante ingresou naquel concepto. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Admón de Tributos.

4.(1258)- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 168/04 INTERPOSTO POR Dª MARIA SOTELO MARTÍNEZ CONTRA RESOLUCIÓN DO 10.11.03 DE INADMISIÓN DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 21.09.04 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo parcialmente o recurso contencioso administrativo interposto por MARIA SOTELO MARTÍNEZ contra Resolución do Ilmo Sr. Alcalde do Concello de Vigo, de data 10 de novembro de 2003, dictada no Expte nº 16393/240-03, na que fronte á reclamación patrimonial efectuada pola actora, acorda “Inadmitir a reclamación de Dona María Sotelo Martínez, por non corresponder ao Concello a responsabilidade patrimonial dos danos”; resolución que anulo, ao entendela contraria a dereito; condenando á Administración demandada a aboar á actora a suma de 2.248,28 euros polos danos e prexuízos irrogados á mesma. Sen condena en custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Patrimonio.

5.(1259)- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 137/04 INTERPOSTO POR Dª FELISA VICENTE ALVAREZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECURSO DE REPOSICIÓN EN RELACIÓN COAS AXUDAS PARA A CREACIÓN DE EMPRESAS. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 13.09.04 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo a solicitude formulada con carácter subsidiario no recurso contencioso administrativo interposto por FELISA VICENTE ALVAREZ contra desestimación presunta do recurso de técnica local de Emprego do Concello de Vigo, na que se lle informa da desestimación presunta da súa solicitude de concesión de axudas para a creación de empresas por cuantía de 2.400 euros; resolución que anulo, ao entendela contaria a dereito, ordenando a retroacción do expediente administrativo, a fin de que pola Administración se conceda á recurrente un prazo de 10 días para subsanación o complementación da documentación presentada, seguindo o expediente o curso reglamentariamente establecido. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Desenvolvemento Local de Emprego.

6.(1260)- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 162/04 INTERPOSTO POR D. FERNANDO FONTENLA FORMOSO CONTRA RESOLUCIÓN DO 12.06.03 EN RELACIÓN CON PROVIDENCIAS DE CONSTRINXIMENTO POLO IMPOSTO DE VEHÍCULOS 1999-2001. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 01.09.04 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo parcialmente o recurso contencioso administrativo interposto por FERNANDO FONTENLA FORMOSO contra resolución de 12.06.2003 do Tesoureiro do Concello de Vigo que desestima o recurso de reposición interposto contra providencias de constrinximento emitidas polo Concello de Vigo, de data 1 de outubro de 2002, en relación co imposto sobre vehículos de tracción mecánica dos exercicios 1999 a 2001, ambos inclusive, máis o recargo de apremio, por un total de 366,52 euros; actos que anulo ao consideralos contrarios a Dereito, condeando á Administración demandada a estar e pasar por tal declaración, e a devolver ao actor as cantidades xa ingresadas por aqueles conceptos, máis os intereses correspondentes. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Recadación Executiva-Tesourería Municipal.

7.(1261)- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 73/04 INTERPOSTO POR D. EDUARDO SILVA MARTÍNEZ CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO (EXPT 1020728356). DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 08.09.04 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por EDUARDO SILVA MARTÍNEZ contra desestimación presunta do recurso de reposición interposto fronte a Decreto da Alcaldía do Concello de Vigo de data 17 de setembro de 2003, dictado no expediente nº 1020728356, que impuxo ao recorrente unha sanción consistente en multa de 120,20 euros, pola comisión dunha infracción prevista no art. 39.2 da Lei de Seguridade Vial, (estacionar en curva obstaculizando); actos que confirmo na súa integridade, por entendelos axustados a Dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Seguridade, Tráfico e Transportes.

8.(1262)- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 72/2004 INTERPOSTO POR Dª MANUELA MONTERO SEOANE CONTRA RESOLUCIÓN DO 29.07.03 DESESTIMATORIA DE SOLICITUDE DE EXENCIÓN DA TAXA DE LIXO VIVENDAS 1996-2001. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 10.09.04 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por MANUELA MONTERO SEOANE contra Resolución de data 29-07-2003, dictada polo Concello de Vigo, que desestima o recurso de reposición de data 20/05/03 interposto pola recorrente fronte a resolución do Concello que desestima a solicitude de exención da Tasa de Lixo de vivendas respecto aos exercicios fiscais 1996, 1998, 1999, 2000 e 2001, resolución que confirmo na súa integridade, ao entendela axustada a dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos departamentos de Admón. de Tributos e Servicios Sociais.

9.(1263)- SENTENZA DO T.S.X.G. NO R.C.A. Nº 02/4403/01 INTERPOSTO POR D. JESUS ALONSO VILA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL PRESENTADA O 18.01.01. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 16.09.04 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que rexeitando a alegación de inadmisibilidade formulada, debemos estimar e estimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por D. JESUS ALONSO VILA contra desestimación presunta do Concello de Vigo da reclamación sobre responsabilidade patrimonial formulada o 18.01.01; expte.103346/240, e en consecuencia, condeamos ao Concello de Vigo a: 1. Retirar as terras que invaden a finca de D. Jesús Alonso Vila. 2. Realizar as obras necesarias para a contención da terra que forma parte da propiedade do Concello de Vigo, e que linda coa propiedade do demandante. 3. Realizar as obras necesarias para subsanar a rotura e perdas das augas residuais que discorren polo talud. 4. A indemnizar á parte actora na cantidade de 6000 euros; con imposición do Concello de Vigo, das custas devengadas en este proceso pola parte actora.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Intervención municipal.

10.(1264)- SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO NO R.CASACIÓN PARA UNIFICACIÓN DE DOCTRINA Nº 5619/00 INTERPOSTO POR Dª Mª BEGOÑA ELOSUA BITERI CONTRA SENTENZA DO TXSG NO R.C.A. 2/5729/66 SOBRE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL.

Dáse conta da sentenza de data 16.06.04 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Primeiro.- Hai lugar ao recurso de casación formalizado por D^a María Begoña Elosua Biteri contra a sentenza do Tribunal Superior de xustiza (sala do contencioso-administrativo, sección 2^a), de 27.01.01, dictada no proceso número 5729/1996, sentenza que anulamos e deixamos sen valor nin efectos ningún.

No citado proceso contencioso administrativo dictamos sentenza substitutoria da anulada, en cuxa parte dispositiva decimos o seguinte; << Fallamos.- 1º Debemos estimar o recurso contencioso administrativo tramitado co número 5729/1996 ante o Tribunal Superior de Xustiza en Galicia interposto por dona ROSARIO ELOSUA BITERI, sucedida por dona MARÍA BEGOÑA ELOSUA BITERI, contra as seguintes resolucións: as do Delegado do Estado no Consorcio da zona Franca de Vigo, do 21 de xuño de 1995 e de 5 de xaneiro de 1996; a da Comisión de Goberno do Concello de Vigo, de 31 de maio de 1996 e a de 12 de xuño de 1996 da Presidencia do Porto de Vigo; resolucións que anulamos por non ser conformes ao ordenamento xurídico. 2º Declaramos a responsabilidade concorrente e solidaria do Concello de Vigo que deberán indemnizar á parte recurrente polos danos causados polo desaloxo do piso que ocupaba a xa falecida dona ROSARIO ELOSUA BITERI no edificio situado no número 21 da Praza de Compostela, en Vigo. 3º A cuantificación da indemnización a aboar se fixará en execución da sentenza de conformidade coas bases que deixamos establecidas no fundamento sexto desta sentenza nosa. 4º Non hai lugar a facer especial pronunciamento sobre custas.

Segundo.- En canto ás custas deste recurso de casación para unificación de doutrina cada parte aboará as súas.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

11.(1265)- AUTO DO T.S.X.G. NO R.C.A. Nº 02/5237/02 INTERPOSTO POLA FEDERACIÓN GALEGA DE LA CONSTRUCCIÓN CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE ESCRITO DE ALEGACIONES PRESENTADO EN RELACIÓN COA APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DA URBANIZACIÓN DA RÚA PROGRESO. DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 17.09.04 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia interposto contra resolución de 4.08.02 pola que se desestima o escrito de alegacións formulado contra o acordo de 27.05.02 polo que se aproba o expediente de contratación por concurso aberto das obras de peonalización e humanización do entorno da rúa Príncipe, treito da rúa Progreso. O Auto falla o seguinte:

Acéptase o desistimento do presente recurso realizado pola recurrente “FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCION” e se declara rematado o procedemento. Procédase ao arquivo dos autos e a devolución do expediente administrativo ó órgano de procedencia. Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Contratación.

12.(1266)- AUTO DO TSXG NO R.C.A. Nº 4506/2003 INTERPOSTO POR D. LUIS MENDEZ FERNÁNDEZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA O 10.09.02. DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 07.09.04 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Aceptar o desistimento do presente recurso realizado polo recurrente LUIS MENDEZ FERNANDEZ declarar rematado o procedemento. Proceder ó arquivo dos autos e á devolución do expediente administrativo ó órgano de procedencia. Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Patrimonio.

13(1267).- PROXECTO DE CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO XERAL-CIES DE VIGO (FICHUVI) PARA DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS CARA A PROMOCIÓN DA SAÚDE. EXPTE.11008/301.

Examinadas as actuacións do expediente a Xunta de Goberno acorda deixalo pendente para que emite informe xurídico o técnico de Admón. Xeral Sr. Diaz del Río Fery.

14.(1268)- PROXECTO DE CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA O ACONDICIONAMENTO DO EDIFICIO ATALAYA COMO CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES. EXPTE. 11014/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 24.09.04 e de acordo co informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social do 24.09.04, conformado polo concelleiro delegado de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o convenio de cooperación coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais para o acondicionamento do edificio Atalaya para centro de día de persoas maiores.

*CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS
LABORAIS DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO (PONTEVEDRA)*

En Santiago de Compostela,

2004

R E U N I D O S

Dunha parte a A Excm. Sra. D.^a Belén Prado Sanjurjo, Conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, no Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia así como no Decreto 212/2003, do 3 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e de conformidade co establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, feito público mediante Resolución do 8 de abril de 1991, da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº82 do 30 de abril de 1991).

E doutra, a Ilma. Sra. D.^a Corina Porro Martínez, con DNI número 32 610 818, actuando en representación do Concello de VIGO, en virtude da súa condición de Alcaldesa-Presidenta da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ambas as dúas partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

E X P O Ñ E N

Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20º da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de acción social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 4/1993 do 14 de abril de servizos sociais.

Que son áreas de actuación nas que se estrutura o sistema de servizos sociais segundo o artigo 5.3. a), c), d), f), h) e i) da antedita lei, as dirixidas á comunidade, minusvalías, vellez, drogodependencias e alcoholismo, delincuencia e reinserción de ex-internos, e outras problemáticas de marxinação social.

Que corresponde á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais o exercicio das competencias e funcións en materia de política de servizos sociais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia e nos termos sinalados pola Constitución Española.

Que os concellos, como entes locais, en virtude do disposto nos artigos 25 e 26 da Lei de bases de réxime local xa citada, e no artigo 21 da Lei galega de servizos sociais, teñen competencias e por conseguinte iniciativa propia, no eido dos servizos sociais.

Que o Concello de Vigo é a cidade máis poboada de Galicia cun número de maiores de 65 anos moi numeroso, polo que necesita equipamentos específicos coa finalidade de facilitar a permanencia no seu propio contorno destas persoas, así como o apoio ás familias no seu coidado.

Que, conforme ao dito, sendo o Concello de Vigo propietario do edificio denominado Atalaia sito na avenida de Dona Fermina número 9 da referida cidade, vai levar a cabo obras de acondicionamento do baixo por importe de 420.000 € para adicalo a centro de día, destinado á atención de persoas maiores de 65 anos carentes de autonomía física ou psíquica e que precisen de coidados de carácter persoal, terapéutico ou social.

Que a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais considera oportuno financiar o custo do devandito investimento, polo interese que representa para a atención ás persoas maiores, tendo en conta a necesidade de equipamentos adicados á atención diúrna no Concello de Vigo.

Que para contribuír ao financiamento de dito investimento a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais achegará un total de 420.000.- euros (catrocentos vinte mil do xeito seguinte:

ANO	ACHEGA CONSELLERIA	TOTAL
2004	30.000 €	30.000 €
2005	150.000 €	150.000 €
2006	240.000 €	240.000 €
<u>TOTAL</u>	420.000 €	420.000 €

Por todo o anteriormente dito é polo que as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de cooperación en base ás seguintes:

CLAUSULAS

PRIMEIRA:

En concepto de axuda ao investimento, a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais comprométese a participar no financiamento da reforma do edificio Atalaia para centro de día destinado persoas maiores de 65 anos. Para o dito fin achegará durante o exercicio 2004 a cantidade de 30.000.- euros (trinta mil) con cargo á aplicación orzamentaria 16.03.212D.760.1, durante o ano 2005 a cantidade de 150.000.- euros (cento cincuenta mil) con cargo ás aplicacións orzamentarias 16.03.212A.760.0 (3.000.-€) e 16.03.212D.760.1 (147.000.-€), e durante o ano 2006 a cantidade de 240.000.- euros (douscentos corenta mil) con cargo ás aplicacións orzamentarias 16.03.212A.760.0 (68.663,80.-€), 16.03.212A.760.9 (9.015.-€), 16.03.212D.760.0 (59.992,60.-€) e 16.03.212D.760.1 (102.328,60.-€).

A suma de todas as achegas e axudas a fondo perdido que puidera obter o concello asinante para o mesmo concepto e finalidade establecidos no presente convenio, non poderá superar o 100% do custo total do investimento. No dito suposto, a subvención outorgada pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais veríase minorada na cantidade que exceda da dita porcentaxe.

SEGUNDA:

Os pagamentos efectuaranse contra xustificantes do gasto realizado, xuntándose certificación do Secretario da Corporación que transcriba o acordo ou resolución do órgano con competencia para a súa aprobación, no que deberá figurar o órgano da consellería á que vai ser remitida para instrumentar o seu pagamento, sen prexuízo da presentación doutro tipo de documentación regulamentariamente establecida de acordo cos requirimentos sinalados na Lei 8/2003, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2004. Toda a documentación será remitida á Dirección Xeral de Servizos Comunitarios e Inclusión Social da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

A Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais resérvase a facultade de nomear un facultativo que en representación da mesma inspeccione o dito investimento.

Así mesmo, o concello deberá acreditar o cumprimento das obrigas sinaladas no artigo 78 do Decreto lexislativo 1/1999, desenvolvido pola Lei 8/1999, do 30 de decembro.

Previamente ao cobro total da subvención, o concello presentará unha declaración do conxunto de tódalas solicitudes aprobadas ou concedidas para o mesmo investimento das distintas administracións públicas ou de calquera dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades.

No caso de tratarse dunha axuda superior a 60.101'21 euros, seralle igualmente de aplicación o establecido no artigo 15.3 do citado Decreto 287/2000, respecto da comprobación por parte da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais do investimento realizado, antes do pagamento total do mesmo.

No caso de que a xustificación dos gastos fose incorrecta ou ben se a entidade incorra nalgúns dos demais supostos recollidos no art. 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, requirirase á entidade para que corrixa os erros ou defectos observados, no prazo de 10 días, sendo advertida de que, de non facelo así, se procederá, se é o caso, a reclamar o reintegro total ou parcial da axuda concedida, nos termos e condicións sinaladas no citado decreto lexislativo.

TERCEIRA:

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e durará ata o 31 de decembro de 2006. Non obstante, no caso de ser necesario, poderá prorrogarse expresamente polo tempo que reste ata a execución total do investimento, sempre que, en tal caso, se proceda á incorporación do crédito correspondente e se cumpran os demais requisitos esixidos no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

CUARTA:

O concello comprométese a facilitar á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais dentro das disponibilidades existentes, a utilización das instalacións do centro para a realización de actividades organizadas pola mesma no ámbito das súas competencias.

En toda a publicidade derivada da execución do presente convenio farase constar a cooperación da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

QUINTA:

O concello deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización do destino das axudas. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas derivadas da tutela que lle corresponde á Dirección Xeral de Servizos Comunitarios e Inclusión Social da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

SEXTA:

O seguimento da execución do presente convenio encoméndase á Dirección Xeral de Servizos Comunitarios e Inclusión Social da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

Para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio créase unha comisión mixta, que estará integrada polo Director Xeral de Servizos Comunitarios e Inclusión Social da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, a Alcaldesa-Presidenta do concello e dous funcionarios nomeados ao efecto por cada unha das partes.

En última instancia, a interpretación do convenio correspóndelle á Conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. A súa resolución pon fin a vía administrativa e contra a mesma procede recurso ante a Xurisdición Contencioso Administrativa.

SÉTIMA:

Son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) A desviación dos fondos outorgados no concepto de subvención para outro fin distinto do que motivou a concesión da mesma, que dará lugar ao reintegro da axuda concedida e mailos seus intereses de demora.*
- b) A falta de xustificación do emprego das contías recibidas o que, por outra parte, dará lugar ao reintegro da axuda concedida e mailos seus intereses de demora.*
- c) O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no mesmo.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

OITAVA:

O presente convenio terá carácter administrativo e rexerese, nos aspectos non recollidos nel, polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, de conformidade co establecido no artigo 3.2, e, no que sexa aplicable pola Lei de réxime financeiro e orzamentario (artigos 78 e 79), texto refundido aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, desenvolvido pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, polo Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por triplicado exemplar no lugar e data expresados.

15.(1269)- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPDES. 05/0, 16/22598, 16/489.

Examinadas as actuacións dos expedientes, visto os informes das traballadoras sociais e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados polo concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda conceder a prestación do servizo de axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D^a. M^a Pilar Pérez Crego. Expte. 5.

- D^a. Filomena Fernández Freire. Expte. 16.22598/301.
- D^a. Celia Ruzo Cabanas. Expte. 16.00489

16.(1269)- CAMBIO DUN CONCERTO NA PROGRAMACION DO V FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO ARE-MORE 2004. EXPTE. 8462/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta do concelleiro de Asuntos Sociais, do 6.10.04, en relación cun cambio na programación do V Festival de Música de Vigo “Are More-2004” aprobada pola Xunta de Goberno Local de 13.09.04, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Quedar enterada da cancelación do concerto de “The Eroica Quartet” que tiña programada a súa actuación para os días 19, 21, 23 de novembro na Sala Martín Codax do Conservatorio Superior de Música dentro do V Festival de Música de Vigo “ARE MORE” 2004, debido o falecemento dun dos séus componetes.

Segundo.- Substituir o antedito concerto pola actuación da formación “The Alexander String Quartet” que actuará os días 20, 21 e 22 de novembro de 2004 polo mesmo importe 34.684 € (trinta e catro mil seiscientos oitenta e catro euros) Ive engadido, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 13 de setembro de 2004.

Tercero.- Facultar ao concelleiro-delegado de Asuntos Sociais para a sinatura do contrato necesario para a contratación artística de “The Alexandre String Quartet” Música de Vigo “Are-More” 2004.

17.(1270)- BASES PARA A SELECCIÓN DE ENCARGADOS/AS E XEFES/AS DE EQUIPO PARA O PROGRAMA BIAL. EXPTE. 2729/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 4.10.04, conformaco pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o procedemento para a selección de 2 encargados e 4 xefes de equipo, para completar o equipo técnico do “PROGRAMA BIAL”, nos termos expostos nas bases que se achegan.

BASES PARA A SELECCIÓN DE ENCARGADOS/AS E XEFES/AS DE EQUIPO DO PROGRAMA BIAL NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007 DA CONCELLARÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO

1) DURACIÓN DAS CONTRATACIONES:

1 ano de duración, prorrogable ata o final do programa como máximo.

2) POSTOS DE TRABAJO

- 2 ENCARGADOS/AS
- 4 XEFES/AS DE EQUIPO

Serán contratados como Técnicos e xestores, segundo o establecido no Capítulo 2 do Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007.

3) FUNCIÓNS E PERFIL REQUIRIDO

➤ ENCARGADO/A

- *Funcións: Dirección e supervisión dos equipos de traballo ao seu cargo para a execución dos traballos/obras a él/ela adscritos baixo a supervisión dos/as superiores, colaboración activa na formación e perfeccionamiento profesional dos/as beneficiarios/as do programa, xestión do cumprimento das normas de seguridade e hixiene no traballo tanto a nivel xeral, como especificamente nos equipos de traballo ao seu cargo.*

- *Perfil:*

- Imprescindible:

- ❑ *Experiencia profesional mínima de 2 anos na súa categoría, en actividades relacionadas coa construción.*

- Valorarase:

- ❑ *Cualificación profesional para os traballos ou obras que se lle asignen.*
 - ❑ *Coñecementos teórico-prácticos de:*
 - ✓ *Estudo e interpretación de planos xerais de obra.*
 - ✓ *Escalas métricas e conversión de medidas.*
 - ✓ *Cálculo de superficies, volumes e medidas con cinta métrica.*
 - ✓ *Execución de partes de traballo.*
 - ✓ *Montaxe de medios auxiliares.*
 - ✓ *Organización e planificación dos traballos en obra.*
 - ✓ *Instalacións auxiliares de obra e sinalización e protección para a realización dos traballos na rúa.*
 - ✓ *Realización de croquis, medicións, replanteos, aplomado e nivelación de elementos de obra.*
 - ❑ *Capacidade para desenvolver as tarefas asignadas segundo as especificacións técnicas ou instrucións recibidas.*
 - ❑ *Coñecemento para a aplicación de boas prácticas en materia de prevención de riscos laborais.*
 - ❑ *Capacidade para planificar e organizar os tempos dos traballos.*
 - ❑ *Responsabilidade e sensibilidade para a limpeza e mantemento na área de traballo.*

➤ XEFE/A DE EQUIPO

- *Funcións: Dirección e supervisión dos equipos de traballo ao seu cargo para a execución dos traballos/obras a él/ela adscritos baixo a dependencia do Encargado/a, colaboración activa con aquel/a na formación e perfeccionamiento profesional dos/as beneficiarios/as do programa,*

supervisión do cumprimento das normas de seguridade e hixiene polos equipos de traballo ao seu cargo, todo isto, estando adscrito en cada momento a unha obra determinada.

- *Perfil:*

- Imprescindible:

- *Experiencia profesional mínima de 5 anos como oficial 1ª en actividades relacionadas coa construción e/ou de 2 anos como capataz neste tipo de actividades.*

- Valorarase:

- *Cualificación profesional para os traballos ou obras que se lle asignen.*
- *Coñecementos teórico-prácticos de:*
 - ✓ *Interpretación de planos xerais de obra.*
 - ✓ *Escalas métricas e conversión de medidas.*
 - ✓ *Cálculo de superficies, volumes elementais e medidas con cinta métrica.*
 - ✓ *Execución de partes de traballo.*
 - ✓ *Manipulación de útiles, ferramentas e manexo de maquinaria auxiliar.*
 - ✓ *Montaxe de medios auxiliares.*
- *Capacidade para desenvolver as tarefas asignadas segundo as especificacións técnicas ou instrucións recibidas.*
- *Coñecemento para a aplicación de boas prácticas en materia de prevención de riscos laborais.*
- *Capacidade para o traballo en equipo e coordinar tarefas e habilidades para a relación interpersoal.*
- *Responsabilidade e sensibilidade para a limpeza e mantemento na área de traballo.*

4) FASES E PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

4.1.- FASES DO PROCESO

O esquema xeral que seguirá o proceso de selección, consta das seguintes fases ou etapas básicas:

- *Convocatoria pública a través da prensa local.*
- *Recollida da documentación e preselección de candidatos/as segundo requisitos do perfil e da necesaria acreditación dos méritos expostos.*
- *Publicación da lista de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo, e apertura dun prazo de 10 días de presentación das alegacións oportunas.*
- *Baremación de candidatos/as preseleccionados/as conforme aos criterios de selección estipulados.*
- *Proba/entrevista.*
- *Selección dos/as candidatos/as.*
- *Recoñecemento médico aos candidatos/as seleccionados/as.*
- *Contratación dos/as candidatos/as seleccionados/as.*

4.2.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

➤ Concurso de méritos entre os/as aspirantes/as convocados/as mediante anuncio público na prensa local. Teranse en conta os seguintes requisitos:

- *Os/as candidatos/a interesados/as presentarán o seu Currículo acreditado segundo o punto 6 destas bases.*

- Para acreditar a experiencia laboral (e a formación impartida) presentarase orixinal ou fotocopia da vida laboral, ademais de fotocopias dos contratos de traballo/certificados de empresa/nóminas. Se no contrato de traballo/certificado de empresa non se especifican claramente as funcións realizadas, achegarase unha certificación de funcións.
 - Para acreditar a formación recibida presentarase fotocopia do diploma do centro/entidade de impartición, con número de horas.
 - Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación non presentada no prazo estipulado.
 - Aos/ás candidatos/as por posto con maior puntuación no proceso de baremación, antes de pasar á proba e/ou entrevista, reclamaráselles a presentación do orixinal da vida laboral e fotocopias compulsadas do resto das acreditacións. (A non presentación desta documentación, será causa de exclusión do proceso selectivo).
 - Baremaranse, únicamente, os currículos dos/as candidatos/as que reúnan o perfil considerado imprescindible para cada posto. No caso de non presentarse á convocatoria un número suficiente de candidaturas apropiadas, a Comisión de Selección valorará, para cada caso, a posibilidade de reducir as características requiridas como imprescindibles.
- Proba práctica ante a Comisión de Selección. Esta decidirá, para cada posto, cal é a mínima puntuación esixida no proceso de baremación para acceder a esta fase.

Realizaranse probas prácticas relacionadas coas actividades a desenvolver únicamente aos/ás candidatos/as presentados/as ao posto de xefe/a de equipo, de acordo con dita puntuación mínima. A escala de puntuación para a proba práctica será de 0 a 4 puntos.

Os puntos obtidos nesta fase polos/as candidatos/as a xefe/a de equipo sumaranse á puntuación obtida no de concurso de méritos, sendo imprescindible obter a calificación de “apto”, que se acadará cunha puntuación mínima de 1 punto.

Sin esta calificación de apto na proba práctica (0 puntos), un/ha candidato/a a xefe/a de equipo será excluído/a do proceso de selección.

- Entrevista persoal ante a Comisión de Selección. Esta decidirá, para cada posto, cal é a mínima puntuación esixida no proceso de baremación para acceder a esta fase.

Realizaráselles ás persoas candidatas a ambos postos -encargado/a e xefe/a de equipo-, de acordo ca devandita puntuación mínima de baremación, na que se valorarán todos os aspectos psicotécnicos de adecuación aos mesmos. A escala de puntuación na entrevista persoal será de 1 a 5 puntos.

Os puntos obtidos nesta fase sumaranse á puntuación do concurso de méritos, e no caso dos/as candidatos/as a xefe/a de equipo, tamén á puntuación obtida na proba práctica, sempre que nesta o/a candidato/a obteña a calificación de “apto”.

A Comisión de Selección estará composta polos seguintes membros:

- A Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo, ou persoa en quen delegue.
- 2 Técnicos/as do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, nomeados pola Concelleira.
- Un representante da parte social do Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, de acordo co estipulado no seu artigo 18.

5) CRITERIOS DE BAREMACIÓN

- 1º) *Experiencia laboral directamente relacionada coa actividade a desenvolver: 0,1 ptos por mes (máximo 5 ptos).*
- 2º) *Formación (recibida ou impartida) directamente relacionada coa actividade a desenvolver (máximo 2 puntos).*

<i>Horas lectivas</i>	<i>Puntuación</i>
<i>De 20 a 49</i>	<i>0.1</i>
<i>De 50 a 99</i>	<i>0.2</i>
<i>De 100 a 199</i>	<i>0.3</i>
<i>De 200 a 299</i>	<i>0.4</i>
<i>300 ou máis</i>	<i>0.5</i>

- 3º) *Outros méritos directamente relacionados: ata un máximo de 1 punto.*

6) PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

- *Prazo: 10 días hábiles a partires do primeiro luns despóis da data de publicación do anuncio.*
- *Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei s/n (Vigo). Dirixido á Comisión de Selección do Programa BIAL, Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego. Poderán consultarse as bases do proceso de selección nas dependencias do Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego, na 4ª planta da Casa do Concello, e tamén nas do Programa BIAL, no Parque Central de Servizos deste Concello, na Bagunda nº 1 (Igrexa de Sta. Cristina – Lavadores) e tamén na páxina web (<http://emprego.vigo.org>).*
- *Horario de entrega: de 9:00 a 13:00 horas.*
- *Documentación a entregar:*
 - ✓ *Instancia solicitando participar no proceso de selección definindo o posto ao que opte.*
 - ✓ *Curriculum Vitae.*
 - ✓ *Orixinal ou fotocopia da vida laboral.*
 - ✓ *Fotocopias das acreditacións -experiencia laboral e formación- e do DNI.*

Os/as candidatos/as que opten a ambos postos de traballo deberán presentar esta documentación para cada un de ditos postos.

Máis información no teléfono 986 263068 (en horario de 09:00 a 13:00 h) ou nas dependencias do Programa BIAL sito no enderezo indicado máis arriba.

18.(1271)- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DURANTE O MES DE AGOSTO DE 2004. EXPTE. 1213/335.

Mediante providencia de data 4.10.04, en cumprimento co establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo prorrogado para 2004, o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais dá conta á Xunta de Goberno do expediente de contratación tramitado polo réxime de

gasto menor no servizo de Festas e Animación Sociocultural durante o mes de agosto de 2004, que é o seguinte:

EXPTE. 1187/335. CONTRATACIÓN DA ORGANIZACIÓN DA EXPOSICIÓN DO "IX MARATÓN FOTOGRÁFICO".

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 31-08-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 42107

ADXUDICATARIO: AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA

IMPORTE: 6.000,00 €

A Xunta de Goberno queda enterada.

19.(1272)- EXPEDIENTE DE QUEIXA DE D. CÁNDIDO PENA PÉREZ DEBIDO ÁS MOLESTIAS OCASIONADAS POLO FUNCIONAMENTO DUNHA DISCOTECA. ACEPTACIÓN DA RECOMENDACIÓN DO VALEDOR DO POBO. EXPTE. 490/321.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Atención Cidadá, do 24.09.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

Conforme a delegación de competencia asinada pola Alcaldesa na data 2 de xaneiro de 2004, no que se establece no apartado Segundo.II.c as delegacións na concellería de Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en materia de Participación Cidadá, e dentro destas delegacións no seu punto 14 di "Tramitar, solicitando das respectivas Xefaturas os preceptivos informes ou documentos, tódalas queixas que os cidadáns presenten ante o Defensor do Pobo, Valedor do Pobo ou Valedor do Cidadán e que eses comisionados remitan para o seu informe o Concello, dando conta diso e das suxestións ou recomendacións que recaian á Xunta de Goberno Local", a tramitación das notificacións veñen sendo xestionadas polo servizo de Atención Cidadá.

Con data 10 de decembro de 2003, recibíuse no rexistro xeral municipal, solicitude de informe respecto da queixa presentada por D. Cándido Pena Pérez, respecto das molestias que sofre debido o funcionamento da discoteca "Oliver", e que deu lugar os seguintes feitos:

- Con data 19 de xaneiro de 2004, por parte do servizo de Atención Cidadá remite a Xerencia de Urbanismo, a solicitude de informe.*
- Con data 27 de xaneiro de 2004, remítese a reiteración de informe a Xerencia de Urbanismo, realizada polo Valedor do Pobo e recibida no rexistro xeral o 23 de xaneiro.*
- Con data 23 de febreiro de 2004, remítese a nova reiteración de informe a Xerencia de Urbanismo, realizada polo Valedor do Pobo e recibida no rexistro xeral o 24 de febreiro.*
- Con data 12 de maio de 2004, remítese a nova reiteración de informe e a posible declaración o Concello de Vigo como "hostil e entorpecedor das súas funcións" á Xerencia de Urbanismo, realizada polo Valedor do Pobo e recibida no rexistro xeral o 10 de maio.*
- Por último con data de rexistro 2 de setembro de 2004, o Valedor do Pobo e baseado no informe recibido fai a seguinte recomendación:*

“Que con urxencia se revisen os criterios aplicados polo Concello no suposto examinado, que non acreditaron a garantía do dereito a un medio ambiente adecuado e á calidade de vida (art. 45 CE).

E que, por iso, en un primeiro termo se comproben de novo na vivenda do interesado as molestias que denuncia desde hai moito tempo, e tamén se comproben as mesmas cantas veces se denuncie a presenza de molestias procedentes da discoteca; e, en caso de confirmarse, se adopten as medidas cautelares procedentes que poñan remedio á situación prexudicial que padece, e que estas medidas permanezan vixentes ata tanto os promotores xustifiquen a inocuidade do establecemento..

E que con urxencia se comprabe se o local en cuestión conta con licencia de funcionamento –incluída a comprobación regulada no art. 34 do RAMINIP-, e se axusta a súa forma de funcionar ó permitido nesa eventual licencia, isto é, se a licencia é para discoteca; que no futuro se coñezan os expedientes sancionadores derivados das medicións de ruídos dun xeito dilixente, de tal forma que non se produza a caducidade dos mesmos; que se incoen tantos expedientes sancionadores como feitos infractores se constaten, e que, de se-lo caso, se apliquen as medidas previstas para casos de reincidencia, de tal xeito que se valore convenientemente a actuación irregular continuada; e que cando se produza a constatación de actuacións irregulares por mal funcionamento do establecemento, se valore a aplicación a aplicación de medidas correctoras ó mesmo”

Polo anteriormente exposto propoño a Xunta de Goberno Local o seguinte acordo:

- 1. Aceptar a recomendación do Valedor do Pobo e, tomar as seguintes medidas:*
 - a. Que por parte da Xerencia Municipal de Urbanismo que con urxencia se comprabe se o local en cuestión conta con licencia de funcionamento –incluída a comprobación regulada no art. 34 do RAMINIP-, e se axusta a súa forma de funcionar ó permitido nesa eventual licencia, isto é, se a licencia é para discoteca; que no futuro se coñezan os expedientes sancionadores derivados das medicións de ruídos dun xeito dilixente, de tal forma que non se produza a caducidade dos mesmos; que se incoen tantos expedientes sancionadores como feitos infractores se constaten, e que, de se-lo caso, se apliquen as medidas previstas para casos de reincidencia, de tal xeito que se valore convenientemente a actuación irregular continuada; e que cando se produza a constatación de actuacións irregulares por mal funcionamento do establecemento, se valore a aplicación a aplicación de medidas correctoras ó mesmo.*
 - b. Que por parte da Policía Local, en un primeiro termo se comproben de novo na vivenda de D. Cándido Pena Pérez, co enderezo na rúa Venezuela nº 27 – 1º-A, as molestias que denuncia desde hai moito tempo, e tamén se comproben as mesmas cantas veces se denuncie a presenza de molestias procedentes da discoteca; e, en caso de confirmarse, se adopten as medidas cautelares procedentes que poñan remedio á situación prexudicial que padece, e que estas medidas permanezan vixentes ata tanto os promotores xustifiquen a inocuidade do establecemento..*
- 2. Que por parte do servizo de Atención Cidadá, se lle comunique a A Xerencia Municipal de Urbanismo e Policía Local o presente acordo.*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

20.(1273)- ACTA DE RECEPCIÓN DEFINITIVA DA OBRA DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DE SERVIZOS DO CENTRO CÍVICO DE TEIS. EXPTE. 1426/320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Participación Cidadá, do 1.09.04, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

Unha vez efectuada as reparacións solicitadas pola dirección facultativa e subsanadas as deficiencias derivadas da execución da obra, con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo a 07.05.04 (doc: 40046564) a empresa OPAIN solicita a recepción definitiva das obras referenciadas.

Con data 24.05.04 procedeuse polo arquitecto municipal Sr. Juan Luis Piñeiro Ferradás, en presenza de D. Juan Carlos Núñez Fraiz en representación da empresa OPAIN S.L., ao recoñecemento da obra e posterior conformidade de estas na acta de recepción definitiva que se achega ao expediente.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción de seguinte acordo:

“Aprobar a acta de recepción definitiva da obra de rehabilitación do edificio de servizos do Centro Cívico de Teis, executada pola empresa OPAIN S.L.”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

21.(1274)- PROXECTO DE EXECUCIÓN PARA A CONTRUCCIÓ DUNHA PISTA POLIDEPORTIVA ABERTA E CUBERTA NO CENTRO CÍVICO DE TEIS. EXPTE. 1941/320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Participación Cidadá, do 29.09.04, conformado pola concelleira de Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

A Comisión de Goberno de data 24.11.03 aprobou o prego de condicións técnicas e administrativas para a contratación da redacción do proxecto e execución das obras de construción dunha pista polideportiva cuberta e a urbanización da parcela do Centro Cívico de Teis; os pregos de condicións técnico-administrativas para a contratación da asistencia técnica para a dirección das citadas obras, así como a convocatoria dos concursos para a elección dos contratistas na forma legalmente establecida.

A Excm. Sra. Alcadesa, con data 30.12.03, resolveu, entre outros asuntos, aboca-las competencias delegadas na Comisión de Goberno e adxudicar:

- *A Cotecno S.A. a dirección das obras de construción da pista por un prezo de 10.100 €*

- *A Trabajos Auxiliares de Puentes, S.A. por un prezo de 337.442 €, a redacción do proxecto de execución e obras de construción da pista conforme o proxecto básico asinado polo arquitecto Daniel Beiras Garcia-Sabell (COAG nº 2127) e resto de condicións do prego que rexeron para a contratación.*

Con data 24 e 18.02.04, asináronse o respectivos contratos administrativos que se achegan ao expediente.

Cun atraso de 15 días, respecto ao prazo establecido de 32 días naturais da oferta da empresa TAP, o derradeiro 6 de abril presentouse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o “Proxecto de Execución”.

A vista da documentación presentada, recabáronse os informes que se achegan ao expediente dos Servizos de Electromecánicos e Parques e Xardíns, e procedeuse polo arquitecto municipal, por informe do 22 de abril de 2004, a requirir da empresa a modificación e aclaración de diferentes aspectos relacionados proxecto. Tralo que, e con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello 03.06.04, o arquitecto redactor do proxecto presentou un anexo ao proxecto de execución no que recollen algunhas das modificacións propostas polos técnicos municipais e se rexeitan outras.

Co fin de axustar as características finais do proxecto, mantuvose unha en xuntanza o pasado día 08.06.04 co técnico redactor do proxecto e o representante da empresa constructora TAP, na que se concretaron e aceptaron as condicións finais do proxecto, posteriormente aceptadas pola empresa constructora no segundo informe anexo ao proxecto de execución. Neste informe recollense maioría dos axustes e melloras reclamadas polos técnicos municipais en relación cos usos e execución da obra, salvo as partidas de construción do muro de contención da pista cara a futura rúa da prolongación de Pedro Alvarado (pendente de execución pola Xunta de Galicia), substitución dos peches por tea metálica galvanizada, sendas peonís interiores e instalación de papeleiras.

Con relación as tarefas de reubicación do arborado ubicado na parcela non contempladas no proxecto básico, varios exemplares de pereiras e unha “Magnolia Grandiflora”, achéganse os informes do Servizo de Parques e Xardíns do Concello de data 02 e 04.06.04 no que descarta asumir as tarefas do traslado, e da empresa Sementes de Galicia S.L, no cal se informa das escasas posibilidades de éxito do trasplante derivado do actual estado de debilidade e vellez que presenta.

Asemade, incorporárase ao proxecto de execución a documentación técnica do proxecto da instalación eléctrica adaptada ao novo regulamento, estudio de protección contra incendios, cálculos do sistema de rego.

Con data 02.07.04 o arquitecto municipal Sr. Juan Luis Piñeiro Ferradas, informa favorablemente o proxecto de execución, sen menoscabo dos novos informes que emitan os técnicos de Electromecánicos e Parques e Xardíns.

A vista do informe de data 15.06.04 do enxeñeiro de montes do Servizo Municipal de Parques e Xardíns, no cal reitera a conveniencia do traslado do arborado, recabouse da empresa constructora o compromiso escrito de data 16.06.06, que se achega ao expediente, no cal a empresa asume a súa costa os gastos da maquinaria que orixine o traslado, requirindo do Concello de Vigo, a supervisión das tarefas polo persoal especializado do Servizo de Parques e Xardíns do Concello.

Con relación ao solicitado nos informes de data 30.07.04 e 24.09.04 polo enxeñeiro industrial do Servizo de Electromecánicos, achegase ao expediente o estudio luminotécnico e os informes do arquitecto redactor do proxecto de datas 15.09.04 e 27.09.04 polo cal se cumpren neste as condicións das arquetas, cimentacións e pintura de acabado das columnas.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobalo proxecto de execución para a construción dunha pista polideportiva aberta e cuberta no Centro Cívico de Teis, conforme ao proxecto presentado pola empresa Trabajos Auxiliares de Puentes S.L. e redactado polo arquitecto Daniel Beiras García -Sabell (COAG nº 2127) da Oficina Galega de Proxectos Arquitectónicos S.l. polo importe de 321.851 €.

2º.- Con carácter previo a execución das obras, se proceda ca maquinaria da empresa Trabajos Auxiliares de Puentes S.L., e sen coste adicional para o Concello de Vigo, ao traslado e reubicación na mesma parcela do arborado existente, conforme as directrices, supervisión e apoio das tarefas realizadas polo persoal especializado do Servizo Municipal de Parques e Xardíns.”

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

22.(1275)- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA O MANTEMENTO E REPARACIÓNS URXENTES NAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO. EXPTE. 10787/444.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 12.07.04 acordou aprobar o expediente de contratación por concurso da reparación de instalacións de alumeado público do Concello de Vigo.

Con data 19.09.04 o titular do órgano de apoio certifica que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, publicado no DOG nº 166 e no BOP nº 170, de datas 26 de agosto e 2 de setembro respectivamente, presentouse unha só proposición a nome de IMES S.A.

A Mesa de Contratación en sesión do 20.09.04 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo a proposta e pasándoa a informe do xefe dos Servizos Electromecánicos, que foi emitido con data 22.09.04, no que fai constar que “a oferta económica presentada pola empresa Imes S.A. é correcta xa que cumpre coas condicións requiridas no prego de condicións técnicas e administrativas para a realización da obra, polo que se propón a adxudicación á citada empresa”.

A Mesa de Contratación en sesión do 28.09.04, á vista do precedente informe formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Imes, S.A. o concurso para o mantemento e reparacións urxentes nas instalacións de alumeado público por un prezo de 100.009,35 euros e que se corresponden coas seguintes operacións de mantemento:

- 1174 unidades de substitución de punto de luz (luminaria, brazo, ancoraxes, etc).
- 80 unidades de instalación RZ 3x50 + 1x52,5mm² Al. 0,6/1Kv (vanos de 30 mts. aprox).

- 384 unidades de instalación RZ 4x25mm² Al. 0,6/1Kv (vanos de 30 mts. aprox).
- 1090 unidades de instalación RZ 4x16mm² Al. 0,6/1Kv (vanos de 30 mts. aprox).

Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados pola Xunta de Goberno Local de 12.07.2004 e a oferta presentada.

23.(1276)- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE RODAS PARA O PARQUE MÓBIL. EXPTE. 2585/445.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 12.07.04 aprobou o expediente de contratación da subministración de rodas para o Concello de Vigo.

Con data 19.09.04 o titular do órgano de apoio certifica que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo publicado no DOG nº 166 e no BOP nº 171, de datas 26 de agosto e 3 de setembro respectivamente, presentouse unha só proposición a nome de Neumáticos Berbés S.L.

A Mesa de Contratación realizada o 20.09.04 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo a proposta e pasándoa a informe do xefe do Servizo do Parque Móbil, que foi emitido o 27.09.04 propoñendo a adxudicación a Neumáticos Berbés S.L.

En sesión do 28.09.04 a Mesa de Contratación, visto o antedito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Neumáticos Berbes, S.A. o concurso para a subministración de rodas para o Concello de Vigo por un prezo de 75.000 euros (como gasto estimado para o ano 2004 establécese a cantidade de 15.000 euros e 30.000 euros para cada un dos anos 2005 e 2006). Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados pola Xunta de Goberno Local de 12.07.2004 e a oferta presentada.

24.(1277)- PRÓRROGA DO SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS CÍVICOS MUNICIPAIS. EXPTE. 457/321.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 3.09.04, conformado pola concelleira de Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e pola interventora xeral, que di o seguinte:

A Comisión de Goberno de 01-09-2003 adxudicou a Atlas Servicos Empresariales, S.A. o concurso para a prestación do servico de atención ó público nos centros cívicos do concello de Vigo por un importe anual de 54.455 euros, posteriormente a Xunta Local de Goberno de 21-06-2004 aprobou unha modificación do contrato no sentido de aumentar a prestación do servico en horario de luns a venres de 17:30 a 21:30 no CAM de Coruxo.

Na cláusula 4 do contrato establececese como prazo do mesmo o de un ano dende o día 07-10-2003 coa posibilidade de prorroga-la súa vixencia por un periodo anual previo acordo epreso do órgano de contratación

O xefe do servico de Atención Cidadá propón a prorroga do contrato achegando no expediente un informe sobre o nivel de satisfacción e calidade do cumprimento do contrato considerado como moi bo así como tamen un informe de valoración da prorroga do contrato dende o punto de vista económico no que se conclúe que a prorroga do contrato é axeitada dende ese punto de vista.

Por iso, proponse a Xunta Local de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Prorrogar para o periodo 07-10-2004 ó 06-10-2005 o contrato da prestación do servico de atención ó público nos centros cívicos do concello de Vigo suscrito coa empresa "Atlas Servicos Empresariales, S.A." por acordo da Comisión de Goberno de 01-09-2003.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

25.(1278)- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE LIMPEZA NA CASA DAS PALABRAS-VERBUM. EXPTE. 17068/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial do 27.09.04, conformado pola interventora xeral que di o seguinte:

Mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, en data 5 de agosto de 2004, por parte da empresa "Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.A.", SAMYL, S.A., como adxudicataria do servico de limpeza do Verbum, Casa das Palabras, mediante resolución da Alcaldía de data 24 de abril de 2003, solicita a revisión de prezo de dito contrato.

A posibilidade de revisión de prezos do contrato aparece recollida na cláusula 5 do prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, aprobado éste na Comisión de Goberno celebrada o 3 de marzo de 2003. Na cláusula de referencia manifesta que procedera a revisión de prezos do contrato transcurrido un ano dende o inicio do contrato, segundo se establece no artigo 103 do Real Decreto Legislativo 2/2000 de 16 de xuño, mediante a aplicación do IPC nacional do ano inmediato anterior a que esta se produza.

O contrato do servico de limpeza na Casa das palabras é de data 7 de maio de 2003, polo esta data será considerada como a do inicio do mesmo, xa que no momento da adxudicación aínda non estaba en funcionamento o servico.

Xunto coa solicitude, a empresa adxudicataria, adxunta certificación do Instituto Nacional de estadística do incremento do índice de prezos no periodo maio de 2003 a maio de 2004, que sería o periodo a revisar, sendo este incremento , segundo a certificación do 3,4%, dado o prezo inicial do contrato que foi adxudicado na cantidade de

78.800 euros/ano, resultaría un prezo revisado para o periodo de de maio 2003 /maio 2004 de 81.479,20 euros/ano, para o periodo maio de 2004 a maio de 2005.

Remitido o expediente a Intervención Xeral, ésta con data 9 de setembro do presente ano informe, que o incremento do IPC a aplicar corresponde o periodo abril 2003 a abril 2004, ascendendo éste o 2,7%, que aplicado o prezo do contrato resulta unha vez revisado de 80.927,6 euros.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a revisión de prezos do contrato de limpeza na Casa das Palabras, - Verbum-, adxudicado a empresa Servicios Auxiliares de Meantenimiento y Limpieza, S.A., por resolución da Alcaldía de data 24 de abril de 2003, fixando o prezo para o periodo maio de 2004 a maio de 2005 na cantidade de 80.927,6 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

26.(1279)- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do Servizo de Contratación, a Xunta de Goberno acorda proceder á devolución das fianzas que de seguido se especifican xa que as subministracións e obras foron recibidas executáronse conforme coas condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía;

- a) A SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS. S.A.:
 - A fianza por importe de 974,78 euros constituída para responder das obras de pavimentado da rúa Simón Bolívar xa que foron recibidas mediante acta de 30.04.03. Expte 41567/250.
 - A fianza por importe e 2.529,28 euros constituída para responder das obras de pavimentado da rúa Marqués de Alcedo xa que foron recibidas mediante acta de 30.04.03. Expte 41568/250
- b) A a fianza por importe de 221,17 euros a favor de COVSA, constituída para responder das obras de acondicionamento de terreo para parada da liña nº 39 na rúa do tranvía coa intersección coa rúa Molares. Expte. 47/241.
- c) A fianza por importe de 981,95 euros a favor de NEUMÁTICOS VERBÉS S.L. constituída para responder da subministración de rodas. Expte295/241.

- d) A fianza por importe de 3.005,06 EUROS A FAVOR DE PLUS ULTRA C.A.S. constituida para responder de contrato de poliza de seguro de bienes patrimoniais e vehículos municipais. Expte 145/241
- e) A VIGUESA DE PAVIMENTOS, CANALIZACIONES Y COSTRUCCIONES, S.L.:
- A fianza por importe de 1.440 euros constituida para responder da construción de muro no CEIP Beade-Coutada. Expte 369/241.
 - A fianza por importe de 1.440 euros constituida para responder das obras de renovación da pista polideportiva no Colexio Fleming. Expte. 368/241
- f) A CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A.:
- A fianza por importe de 2.281,44 euros constituida para responder das obras de pavimentado da rúa Hermide (Candeán) xa que foron recibidas mediante acta de 31.01.02. Expte 308/241
 - A fianza por importe de 1.632,35 euros para responder das obras de mellora de pavimentado da rúa Matamá-Pazo xa que foron recibidas mediante acta de 30.04.02. Expte. 307/241
 - A fianza por importe de 1.105,86 euros constituida para responder das obras de pavimentado da rúa San Xoan Poulo xa que foron recibidas mediante acta de 02.09.01. Expte. 304/241
 - A fianza por importe de 1.177,98 euros constituida para responder das obras de pavimentado da rúa Cunchadas (Bembrive) xa que foron recibidas mediante acta de 02.09.01. Expte.303/241
 - A fianza por importe de 1.081,82 euros constituida para responder das obras de pavimentado da rúa Parioco José Rivás xa que foron recibidas mediante acta de 20.07.01. Expte. 302/241
 - A fianza por importe de 14.152,63 euros constituida para responder da mellora de abastecemento no barrio de Casablanca xa que foron recibidas mediante acta de 20.08.02. Expte. 301/241

27.(1280)- OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2003. EXPTE. 15283/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do concelleiro delegado de Persoal, do 11.10.04, que di o seguinte:

Vistos os informes incorporados ao expediente, e cumprimentado o preceptivo trámite de negociación coas distintas seccións sindicais integrantes da Mesa Xeral de negociación, sométese a consieración da Xunta de Goberno local a seguinte proposta de acordo relativa á aprobación da oferta de emprego público correspondente ao exercicio 2003 :

“ Primeiro : Dar aprobación á Oferta de emprego público correspondente ao exercicio 2003, integrada polas seguintes prazas ofertadas :

PERSOAL FUNCIONARIO :

- *Administrativo de Admón. xeral : 2 prazas; unha por promoción interna e outra por turno libre*
- *Auxiliar de Admón. xeral : 8 prazas ; 2 por promoción interna e 6 por turno libre.*
- *Subalterno : 2 prazas; ambas as dúas por turno libre .*
- *Economista : 1 praza, por turno libre.*
- *Arqueólogo : 1 praza, por turno libre.*
- *Diplomado en Traballo social : 3 prazas, por turno libre.*
- *Programador de informática : 1 praza, por turno libre*
- *Técnico auxiliar de Laboratorio: 1 praza, por promoción interna.*
- *Sarxento Policía local : 2 prazas ; unha por promoción interna e outra por turno libre*
- *Cabo Policía local : 1 praza, por promoción interna.*
- *Garda Policía local : 24 prazas por turno libre.*
- *Bombeiro : 4 prazas, por turno libre.*
- *Conductor bombeiro: 1 praza, por turno libre.*

PERSOAL LABORAL :

- Oficial de oficios : 8 prazas :
- *1 electricista, por turno libre.*
- *2 xardineiros, por promoción interna*
- *3 conductores ; 2 por promoción interna e unha por turno libre*
- *1 sepultureiro, por turno libre*
- *1 pavimentador, por promoción interna.*
- Axudante de oficios : 5 prazas ; 4 por promoción interna e 1 por turno libre.
- Operario peón : 1 praza, por turno libre.

Segundo : Dese publicación do presente acordo nos preceptivos Boletíns oficiais “.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a precedente proposta acordando reservar para discapitados as seguintes prazas:

- Unha praza das indicadas de auxiliares de Admón. Xeral para discapitados físicos.
- Unha praza das indicadas para axudante de oficios para discapitados psíquicos.
- Unha praza das indicadas para subalterno para discapitados físicos ou psíquicos.

28.(1281)- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE PERSOAL AUTORIZANDO A XORNADA REDUCIDA Á FUNCIONARIA D^a ANGELICA RODRÍGUEZ BERTOMEU. EXPTE. 15162/220.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta da resolución do concelleiro delegado de Persoal, do 14.09.04, que di o seguinte:

“Autorizar a redución de xornada en hora e media por coidado directo dun menor de 6 anos solicitada por Dona Angélica Rodríguez Bertomeu, número de persoal 22036, con posto de Xefa de Negociado de IAE-EUI, adscrita ó Servicio de Administración de Tributos, coa correspondente redución proporcional de retribucións, de conformidade co previsto no artigo 11. c) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do Concello de Vigo, co que pasará a realizar un horario de 9,30 a 15,00 horas entre os días 1 de outubro e 30 de novembro de 2004.

A tales efectos a mesma deberá acreditar, con anterioridade ó seu inicio, a relación de garda legal que ostenta sobre o menor, mediante copia auténtica do libro de familia, certificación do rexistro civil, resolución xudicial ou calquera outro documento público que de fe de dita situación.”

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada da devandita resolución.

29.(1282)- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS REALIZADOS POLO PERSOAL DE BENESTAR SOCIAL DURANTE O MES DE XULLO DE 2004. EXPTE. 10859/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 1.10.04 e o informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 28.09.04, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente o mes de XULLO de 2004, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal do servizo de Benestar Social segundo relación que se achega no expediente e que comeza por dona Rosa María Alonso Míguez e remata por dona Montserrat Romero

Quintana e que ascende a un total de 2.066'94 € (DOUS MIL SESENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS).

30.(1283)- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DE ADSCRICIÓN DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL E ADMINISTRATIVA DE ADMINISTRACIÓN XERAL. EXPTE. 15292/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta dos seguintes resolucións da Alcaldía:

- a) RESOLUCIÓN DO 21.09.04 DE ADSCRICIÓN DE FUNCIONARIA INTERINA A POSTO DE TÉCNICO DE ADMÓN. XERAL.

Con data 20 de setembro de 2004, foi nomeada interinamente con cargo a praza vacante de Técnico de Administración Xeral, D^a. Beatriz Bárbara Rodríguez, NIF 36.098.427-L, aspirante que superou tódolos exercicios nas probas selectivas para provistar en propiedade unha praza de Técnico de Administración Xeral, de conformidade coas bases da convocatoria e o disposto na disposición transitoria do Decreto 116/93, do 3 de xuño, da Consellería de Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Figurando vacantes dúas prazas de técnico de Administración Xeral no vixente Cadro de Persoal e relación de postos de traballo, por xubilacións no presente ano dos seus titulares e, tendo en conta as necesidades existentes nos diferentes Servicios municipais, en uso das facultades que me confire a vixente lexislación de réxime local,

R E S O L V O :

“Primeiro.- Adscribir á funcionaria interina D^a. BEATRIZ BARBARÁ RODRÍGUEZ, NIF nº 36.098.427-L, nomeada interinamente por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de agosto de 2004, ó posto de técnico de administración xeral, Grupo A de titulación, Còd. 46 da Relación de Postos de traballo vixente, no Servizo de Patrimonio, Cód. 240”.

Segundo.- Que pola Intervención Xeral se efectúe a correspondente modificación presupostaria dentro do Capítulo I de Gastos, transferindo unha praza e posto de Técnico de Administración Xeral, do servizo Cód. 410-Planeamento e Xestión-, o servizo de Patrimonio, Cód. 240, ó non existir vacante neste último Servizo, incorporándose a mesma na vindeira Relación de Postos de Traballo”.

A presente Resolución, que surtirá efectos o día 20 de setembro de 2004, data do seu nomeamento interino, notifíquese á interesada, Unidade de Persoal, Organización e Métodos, xefes dos servizos afectados, Intervención Xeral e Comité de Persoal, ós efectos oportunos.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da precedente resolución.

b) RESOLUCIÓN DE 22.09.04 DE ADSCRICIÓN DE INTERINA A POSTO DE ADMINISTRATIVO/A DE ADMÓN. XERAL.

O tribunal cualificador encargado de xulga-las probas selectivas para provistar con carácter interino unha praza de administrativo de administración xeral, polo procedemento de oposición libre, na sesión do 20 de setembro de 2004, acordou propoñer ó concello de Vigo o nomeamento da aspirante seleccionada D^a Mónica Domínguez Estévez, NIF 34.627.814-A.

A aspirante proposta presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria, a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

Por isto, no uso das facultades que me confire a vixente lexislación de réxime local,

R E S O L V O:

“Nomear funcionaria interina, con cargo a praza vacante de administrativo de administración xeral, á seguinte aspirante proposta polo tribunal e que superou tódolos exercicios de que constaba a oposición:

- D^a Mónica Domínguez Estévez, NIF 34.627.814-A, que obtivo unha puntuación de 28,05 puntos.

A aspirante nomeada deberá tomar posesión da súa praza como funcionaria interina no prazo de 20 días hábiles a contar dende a recepción da presente resolución.”

A presente resolución notifíquese á interesada, Unidade de Persoal, Intervención Xeral, Organización e Métodos e Xefe do Servicio de Cultura.

Así mesmo, daráse traslado da mesma ó Comité de Persoal e á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que teña lugar.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da precedente resolución.

31.(1284)- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA SOBRE GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2004. EXPTE. 15291/220.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta das seguintes resolucións da Alcaldía que din o seguinte:

a) RESOLUCIÓN DO 3.08.04 SOBRE GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO DE 2004.

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes ó mes de XULLO de 2004 prestados polo persoal do servizo de Extinción de Incendios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comezan por Don Carlos

Abalde Fernández e remata por José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, e que ascenden a un total de 29.969'30 €, (VINTENOVE MIL NOVECENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS)”.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada da precedente resolución.

- b) RESOLUCIÓN DO 3.09.04 SOBRE GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO DE 2004.

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal do Servizo de Extinción de Incendios, aboaranse os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de AGOSTO de 2004, e que ascenden a un total de 30.466,93 €, (TRINTA MIL CATROCENTOS SESENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada da precedente resolución.

32.(1285)- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO, INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS) E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA A CONSTITUCIÓN DO CONSORCIO INTERADMINISTRATIVO CASCO VELLO DE VIGO. EXPTE. 1189/110.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a acta de 6.10.04 da Comisión de Seguimento do Convenio formalizado no seu día polo Excmo. Concello de Vigo, o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para a rehabilitación e recuperación do Casco Vello da cidade, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral adscrita á Xerencia Municipal de Urbanismo e do secretario xeral do Pleno, do 7.10.04, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

-Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común (LRJPAC).

ANTECEDENTES.-

Con data 10 de maio do presente ano as entidades públicas citadas no encabezamento subscriben convenio de colaboración interadministrativo que ten como fin a recuperación e rehabilitación do Casco Vello de Vigo, a estes efectos prevese ata a anualidade do 2008 unha inversión de 30.000.000 de euros dos que 15.000.000 serán aportados polo CZFV; 12.000.000 polo IGVS e 3.000.000 polo Concello. No convenio preveíase que para a xestión en común dos fins citados os distintos entes poderían constituir unha sociedade mercantil, loxicamente para o cumprimento do conveniado constituíuse a correspondente Comisión de Seguimento integrada por representantes das tres administracións.

Nas reunións tidas pola Comisión citada estudiouse cal podía se-la organización común máis idónea para a xestión dos fins conveniados chegándose á conclusión, segundo poposta de data 6 de outubro que consta no expediente, que a forma de Consorcio dotado de personalidade xurídica é a máis conveniente. Para poder materializar dita conclusión a Comisión procedeu a redacta-los estatutos de dito ente institucional proponendo ós órganos rectores das administracións a consorciar a súa aprobación.

INFORME.-

O art. 6 da LRJPAC referente ós Convenios de colaboración, no seu apartado 5, de aplicación supletoria ó réxime local de conformidade co art. 9, advirte que cando a xestión do convenio faga necesario crear unha organización común, esta poderá adoptar a forma de consorcio dotado de personalidade xurídica ou sociedade mercantil. En similares termos pronuncianse os arts. 57 e 87 da LBRL.

O art. 6.5 citado sinala que os estatutos do consorcio determinarán os fins do mesmo, así como as particularidades do réxime orgánico, funcional e financeiro e que os órganos de decisión estarán integrados por representantes de tódalas entidades consorciadas na proporción que fixen os Estatutos respectivos.

Os Estatutos elaborados contemplan a totalidade das previsións sinaladas ademais, dende a súa condición de norma básica reguladora da estrutura e funcionamento, completa os vacíos que conscientemente foron respetados polo ordenamento xurídico para que sexan enchidos pola vontade dos entes públicos que crean a nova institución imprimindo a súas peculiaridades e características.

O Consorcio a constituir non cabe consideralo ente local pois aínda sendo o seu obxecto principal –rehabilitación de vivendas e edificios- de interese local tal fin enmárcase máis propiamente dentro do ámbito competencial da Comunidade Autónoma (art. 27.3 Estatutos C.A.G), é máis, dentro do total das aportacións económicas previstas para a consecución dos obxectivos a correspondente ó Concello de Vigo tan só supón o 10% delas, todo o anterior implica que, respecto do procedemento para a súa constitución, non sexa aplicable o sinalado nos arts.149 e seguintes da LALGA.

O novo ente institucional entenderase polo tanto vinculado ás tres administracións consorciadas e ten a consideración dunha organización voluntaria personificada para a realización coordinada dun interese común. Para a súa existencia é necesario a intervención das tres administracións conforme a súa normativa reguladora, a manifestación da súa vontade a través da firma do disposto no convenio e a obrigada publicación deste co propósito de conseguí-los efectos propios da nova persoa xurídico-pública.

Na sede municipal e dada a natureza normativa dos estatutos a aprobación destes deberán seguir o trámite previsto no art. 49 da LBRL, é dicir, aprobación inicial polo Pleno, información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e suxerencias e aprobación definitiva

polo mesmo órgano resolvendo as reclamacións e suxerencias presentadas, no suposto de que estas non existan o acordo provisional entenderase aprobado definitivamente.

De conformidade co sinalado no art. 127.1 da LBRL corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos normativos previa a súa consideración polo Pleno, asimesmo o art. 122.4.a) da mesma norma sinala que corresponde ás Comisións do Pleno o estudo, informe ou consulta dos asuntos que haxan de ser sometidos á decisión deste.

En virtude do exposto e trala aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local propónse ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado inicialmente o Convenio de colaboración a subscribir entre o Concello de Vigo, Instituto Galego de Vivenda e Solo e Consorcio da Zona Franca de Vigo que ten como fin a constitución de un Consorcio interadministrativo para a xestión en común da recuperación e rehabilitación do Casco Vello de Vigo.

Segundo.- Somete-lo expediente a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de 30 días hábiles mediante inserción de anuncio no taboeiro municipal e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Entender definitivamente aprobado o Convenio e os Estatutos do citado Consorcio no suposto de que non se presenten reclamacións ou suxerencias facultando á Alcaldesa para a súa sinatura.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe, acorda:

Aproba-lo proxecto de Convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, a subscribir entre o Concello de Vigo, Instituto Galego de Vivenda e Solo e Consorcio da Zona Franca de Vigo que ten como fin a constitución de un Consorcio interadministrativo para a xestión en común da recuperación e rehabilitación do Casco Vello de Vigo.

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO, INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE VIGO PARA A CREACIÓN DUN CONSORCIO QUE TEÑA POR OXECTO A REHABILITACIÓN DO CASCO VELLO DE VIGO.

En Vigo ade Novembro de 2004

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Alberto Nuñez Feijoo, Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e Presidente do Instituto Galego de Vivenda e Solo, en nome e representación deste ente público, facultado para este acto en virtude do acordo do Consello da Xunta de data, segundo documento que se incorpora como anexo II.

Doutra parte, a Excm. Sra. D^a Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo en nome e representación desta Administración Municipal, facultada para este acto mediante acordo do Pleno do Concello de data....., segundo documento que se incorpora como anexo III.

Doutra parte, D. Francisco López Peña, Delegado do Estado da Zona Franca de Vigo, en nome e representación desta entidade pública, facultado para este acto en virtude de acordo do seu Pleno de data....., segundo documento que se incorpora como anexo IV.

EXPOÑEN

I.- Que o Instituto Galego de Vivenda e Solo (en adiante IGVS) é o organismo autónomo de carácter comercial e financeiro, creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril encargado de executa-la política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, podendo, para o adecuado exercicio das súas competencias, segundo se establece no artigo 5 da antedita Lei e no artigo 12 do Decreto 288/1988, de 29 de setembro, do seu desenvolvemento, subscribi-los correspondentes convenios con outros organismos e entidades, así como con empresas con participación pública maioritaria. A súa actividade urbanística, segundo se desprende do establecido no artigo 4.1 e) da súa Lei de creación, pode abranguer, tanto a promoción de solo e a renovación ou a remodelación urbana como a realización de obras de infraestructuras e de dotación de servicios.

II.-Que de conformidade co establecido tanto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LBRL), como na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), os Concellos teñen atribuída, entre outras, a competencia relativa ó fomento dos intereses peculiares do municipio, contemplándose nos artigos 57 e 195 das Leis citadas, a figura do convenio administrativo como un instrumento xurídico adecuado para a colaboración das administracións locais, estatais e autonómica para os asuntos de interese común.

III.- Que, segundo a Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 11 de maio de 1998 (BOE nº 113, do 12.05.1998), que modifica os artigos 5 e 7 da Orde do 24 de xullo de 1951 (BOE do 1.08.1951), pola que se estableceu o Estatuto Fundacional do Consorcio da Zona Franca de Vigo, este ten personalidade xurídica e plena capacidade para realizar cantos actos sexan necesarios ou convenientes para o desenvolvemento e logro do seu obxecto, mesmo para adquirir bens de todas clases, incluso inmobles necesarios ou convenientes para o seu bo funcionamento, podendo ser beneficiario de expropiacións.

IV.- Que, segundo a lexislación vixente en materia de réxime local e dentro dos seus respectivos ámbitos territoriais, os concellos teñen atribuídas competencias para levar a cabo a promoción de toda clase de actividades e a prestación de tódolos servicios que contribúan a satisfacer-las necesidades da colectividade veciñal. En particular, ostentan competencias –nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas- en materia de promoción e xestión de vivendas, e patrimonio histórico artístico (Arts. 25.2 apdos.d) e e) LRBRL e 80.2 apdos. d) e e) LALGA).

V.- Que por Acordo do Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia do 29 de setembro de 1997, declarouse o ámbito do Casco Vello de Vigo como “Área de Rehabilitación Integrada”, cuha delimitación coincidente coa do seu Plan Especial.

VI.-Que en data de 10 de marzo do presente ano as partes intervinentes subscribiron convenio de colaboración co obxecto de levar a cabo, de acordo coas previsións do Plan Especial e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello de Vigo, unha serie de actuacións e intervencións que contribúan ó proceso de rehabilitación da súa “Área de Rehabilitación Integrada” (ARI), mediante a adquisición de terreos, a adquisición e rehabilitación de inmobles e a rehabilitación e mellora do medio urbano.

VII.- As partes intervincentes consideran de interese que a unión dos esforzos para conseguir de xeito adecuado e racional os fins pretendidos se materialice nun ente común. En consonancia con elo entenden que dado o carácter esencialmente público do obxectivo a forma máis idónea para a adopción de decisións é, de conformidade co previsto no art. 6.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, a creación dun Consorcio interadministrativo ó estar este ente organizativo de natureza pública dotado de personalidade xurídica propia o que permitirá asumir dereitos e obrigas con independencia e autonomía dos entes consorciados.

A tal fin, os intervincentes resolven formaliza-lo presente Convenio de Colaboración Fundacional, que outorgan de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O Instituto Galego de Vivenda e Solo, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Concello de Vigo, a fin de contribuir conxuntamente ó desenvolvemento e recuperación do Casco Vello de Vigo, proponse crear un Consorcio interadministrativo coa denominación de “Consorcio Casco Vello de Vigo”.

Segunda.- O Consorcio, rexirase polos Estatutos que se incorporan como anexo I ó presente Convenio en donde se determinan os seus fins e as particularidades do seu réxime orgánico, funcional e financeiro.

Terceira.- As aportacións para a constitución e financiación do funcionamento do “Consorcio Casco Vello de Vigo” serán as seguintes:

-O IGVS aportará a cantidade de 12.000.000 € mediante entregas diñeirarias ou de edificacións, en función das súas disponibilidades orzamentarias. Así, na anualidade 2004 aportará a edificación consistente no Bloque A-C do expte. PO-97/020, da rúa Ferreiría en Vigo, valorado en 858.817,98 €, quedando polo tanto as aportacións do seguinte xeito:

<u>ANUALIDADE</u>	06.60.331A.607.00	06.60.331A.608.10	06.60.331 ^a .854.00	<u>TOTAL</u>
2004	0	0	1.158.817,98	1.160.000
2005	1.000.000	640.000	1.400.000,00	3.040.000
2006	1.000.000	1.500.000	1.200.000,00	3.700.000
2007		1.500.000	1.000.000,00	2.500.000
2008		600.000	1.001.182,02	1.600.000
<u>TOTAL</u>	2.000.000	5.100.000	4.900.000,00	12.000.000

-O Consorcio da Zona Franca de Vigo aportará a cantidade de 15.000.000€. Dita cantidade inversora que poderá ser recuperada no proceso de xestión ou adxudicación dos locais e vivendas resultantes farase efectiva en cada anualidade na medida que o xustifiquen as necesidades de funcionamento e inversión do Consorcio e segundo a seguinte distribución:

<u>ANUALIDADE</u>	<u>IMPORTE</u>
2004	4.545.545,54 €
2005	3.181.818,18 €
2006	2.727.272,72 €
2007	2.272.727,27 €
2008	2.272.727,27 €

-O Concello de Vigo aportará a cantidade de 3.000.000 €, de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2004	3.000.000

Cuarta.- O presente convenio terá a duración fixada para o Consorcio sen prexuízo da súa extinción cando así o acorden as administracións que o subscriben, en cuxo caso estas adoptarán as medidas necesarias para a liquidación que proceda.

Quinta.- O réxime xurídico aplicable ó presente Convenio de colaboración fundacional será o establecido ó efecto pola Lei 30/1992, de 20 de novembro e demais concordantes a tal efecto e en cumprimento do sinalado no artigo 8.2 da norma citada o presente documento será remitido ó Senado e publicado no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia. Para a resolución das controversias que puideran producirse as partes suxeitaranse ós tribunais da xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade o firman en cuaduplicado exemplar no lugar e data indicados.

A EXCMA. SRA. ALCALDESA
DO CONCELLO DE VIGO

O DELEGADO DO ESTADO NO
CONSORCIO DA ZONA FRANCA
DE VIGO.

O EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PUBLICAS E VIVENDA E PRESIDENTE
DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

PROXECTO DE ESTATUTOS DE CONSORCIO INTERADMINISTRATIVO A CONSTITUIR POLO CONSORCIO
DA ZONA FRANCA DE VIGO, O INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO E O EXCMO. CONCELLO DE
VIGO.

TITULO I

Natureza, obxecto e domicilio

Art. 1º.- Constitución

A Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo; o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Excmo. Concello de Vigo, en desenvolvemento do Convenio de Colaboración subscrito en data de 10 de marzo de 2004 e do de creación subscrito en data de....., do que este documento é anexo, constituen un Consorcio interadministrativo coa denominación de “Consorcio Casco Vello de Vigo” (C.C.V.V.)

Art. 2.- Naturaleza.

O Consorcio regulado nestes Estatutos constitue unha entidade de Dereito Público de carácter asociativo, dotada de personalidade xurídica independente da dos seus membros, patrimonio propio, administración autónoma e tan ampla capacidade xurídica de dereito público e de dereito privado como requira a realización dos seus fins. O Consorcio rexirase polos presentes Estatutos e polo previsto na normativa específica que lle sexa de aplicación.

Art. 3.- Obxecto.

O Consorcio constitúese co obxecto de articular a cooperación económica, técnica e administrativa entre as Administracións consorciadas a propósito de exercer de forma conxunta e coordinada os fins que lle son propios.

Art. 4.- Fins.

1.- O fin esencial do Consorcio é levar a cabo, de acordo coas previsións do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello de Vigo, unha serie de actuacións e intervencións que contribúan ó proceso de recuperación da súa "Área de Rehabilitación Integrada" (ARI), mediante a adquisición de terreos, ou mediante a adquisición de construcións para a súa posterior rehabilitación.

2.- Constituído o Consorcio iniciaranse as seguintes actuacións:

- a) Xestionar a adquisición dos edificios.
- b) Contratación da redacción dos proxectos de rehabilitación e urbanización.
- c) Contratación da execución das obras de rehabilitación.
- d) Contratación das obras de urbanización e adecuación dos espazos resultantes.

Art. 5.- Atribucións.

1.- O Consorcio, para a execución do fin sinalado, poderá desenvolver as seguintes actuacións:

- a) Elaboración e tramitación dun Plan de Actuación que defina as directrices da política a seguir, a programación dos obxectivos e a supervisión dos correspondentes proxectos.
- b) Celebrar cantos contratos ou convenios con persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sexan precisas para o desenvolvemento dos seus fins.
- c) A captación de cantos recursos económicos sexan necesarios para a financiación das actividades e plans propios do Consorcio.
- d) Calquera outras que, con suxección á lexislación vixente, podan garanti-lo cumprimento do fin sinalado.

2.- O Consorcio, para a consecución do fin asignado, ademais de resultar beneficiario das expropiacións que a súa instancia instrua o Concello de Vigo, poderá realizar toda clase de actos de xestión e disposición: adquirir, enaxenar, posuír, reivindicar, permutar, gravar e hipotecar todo tipo de bens; aceptar legados e donacións; obrigarse e celebrar contratos de calquera natureza; concertar créditos; executar accións e interpoñer recursos de toda clase, todo elo dentro dos límites e con suxección ós presentes Estatutos e ó ordenamento xurídico vixente.

3.- As actuacións desenvolveranse baixo os principios de eficacia e eficiencia e baixo os criterios de economía e racionalidade no gasto. Nos Plans de Actuación a desenvolver e nos Orzamentos considerárase a recuperación das inversións efectuadas polo Consorcio da Zona Franca de Vigo.

Art. 6.- Duración

1.- Sen prexuízo do disposto nestes Estatutos sobre a súa disolución, o Consorcio constitúese por un tempo de seis anos que poderá ser prorrogado en virtude do Convenio de Colaboración interadministrativo que con ese fin

subscriban os entes consorciados dentro dos seis meses anteriores á data da súa disolución por transcurso do prazo legal de existencia que comezará ó día seguinte ó da publicación destes Estatutos no Diario Oficial de Galicia.

2.- Unha vez rematadas tódalas actuacións, a finalidade do Consorcio e do conveniado entenderase cumprida e procederase a súa disolución. Será competencia de cada ente consorciado a xestión ou adxudicación dos edificios, locais ou vivendas resultantes en función do seu uso e en proporción ás aportacións feitas.

Art. 7.- Domicilio

O Consorcio fixa a súa sede na cidade de Vigo e o seu domicilio provisional na Casa Consistorial do Concello sen prexuízo de que o Consello de Administración o localice definitivamente dentro do ámbito territorial no que se levarán a cabo os fins previstos (Casco Vello).

Art. 8.- Membros.

1.- Como entidade de Dereito Público de carácter asociativo, o Consorcio o constituen como membros fundadores as Administracións citadas no artigo 1 e que subscribiron o Convenio de creación, habendo quedado fixadas as súas aportacións para gastos ordinarios e de realización de plans ata a anualidade do 2008 nas contías recollidas en dito Convenio.

2.- A incorporación de novos membros realizaranse previa solicitude dos mesmos e aceptación pola súa parte das condicións de admisión que, no seu caso, o Consorcio estableza. Dita incorporación surtirá efecto unha vez que acepten fehacemente ditas condicións e estos Estatutos.

3.- Sen prexuízo do sinalado no artigo 38, os membros do Consorcio comprométense a mante-la súa participación no mesmo, con pleno cumprimento dos seus dereitos e obrigas.

Art. 9.- Coordinación interadministrativa.

No exercicio das súas funcións, o Consorcio procurará en todo momento a coordinación das súas actuacións coa Administración Municipal do Concello de Vigo e cos órganos competentes da Administración da Comunidade Autónoma en materia de Vivenda ou cos organismos autónomos ou entes públicos dependentes ou vinculados a estas Administracións, todo elo co fin de lograla maior coherencia e eficiencia nas actuacións que leven a cabo.

TITULO II Organización e réxime xurídico

CAPITULO PRIMEIRO Organización.

Art. 10.- Órganos.

A estrutura organizativa do Consorcio a constituen os seguintes órganos:

- a) Presidencia do Consorcio*
- b) Consello de Administración*
- c) Consello Consultivo*
- d) Xerencia*
- e) O Comité Executivo, no caso da súa creación*

Sección Primeira. Presidencia e Vicepresidencia do Consorcio

Art. 11.- Designación.

1.- A Presidencia do Consorcio terá carácter rotativo e terá unha periodicidade bianual. A designación do Presidente polo Consello efectuarase a proposta dos representantes do ente público ó que corresponda á Presidencia. En primeiro lugar a ostentará o Excmo. Concello de Vigo, a continuación o Consorcio da Zona Franca e finalmente o Instituto Galego da Vivenda e Solo. En todo caso a Presidencia debe recaer nun membro do Consello.

2.- Actuará como Vicepresidente un representante no Consello do ente consorciado a quen lle corresponda ostentala Presidencia no seguinte periodo bianual.

Art. 12.- Atribucións do Presidente

Corresponde ó Presidente do Consorcio exercer-las seguintes atribucións:

- a) Presidir-las reunións do Consello de Administración, ordenar-la convocatoria das súas sesións, fixar-la orde do día e dirixir-las deliberacións.
- b) Representar legalmente ó Consorcio nos actos, convenios e contratos en que éste interveña, así como ante toda clase de entidades, persoas públicas ou privadas, autoridades, xulgados e tribunais, confirindo os poderes necesarios que sexan necesarios.
- c) Velar polo exacto cumprimento dos preceptos dos Estatutos, dos acordos adoptados polo Consello de Administración e, en xeral, das normas legais aplicables en cada caso.
- d) Exercer, nos casos de urxencia, as accións xudiciais e administrativas precisas para a defensa dos dereitos do Consorcio, dando conta ó Consello de Administración na primeira sesión que teña lugar.
- e) Autorizar e dispoñer-las gastos correntes incluídos no Orzamento ata o límite máximo que se determine nas Bases de Execución do Orzamento en cada exercicio. Aceptar-las subvencións, dando conta ó Consello de Administración.
- f) Recoñecer e liquidar obrigas e ordenar pagos.
- g) Aprobar transferencias e as xeracións de créditos nas contías que determine o Consello de Administración.
- h) Aprobar-la liquidación do Orzamento e a incorporación de remanentes.
- i) Inspeccionar-las servizos do Consorcio e exercer-la alta xefatura administrativa.
- l) Autorizar, co seu visto bo, as actas das reunións, as certificacións e as contas e inventarios de bens.
- m) Ademais das enunciadas asumirá aquelas outras competencias que non estean expresamente atribuídas a outros órganos polos presentes Estatutos.

Art. 13.- Atribucións do Vicepresidente

O Vicepresidente substituirá ó Presidente na totalidade das súas funcións nos casos de ausencia ou enfermidade. Asimesmo, o Vicepresidente asumirá as atribucións da Presidencia que con carácter temporal ou permanente lle sexan expresamente delegadas polo Presidente.

Sección Segunda. Consello de Administración.

Art. 14.- Función e Composición.

1.- O Consello de Administración é o órgano colexiado superior que goberna e dirixe o Consorcio e establece as directrices de actuación do mesmo.

2.-O Consello de Administración estará composto por representantes das entidades consorciadas, con arranxo á seguinte distribución:

- a) Tres representantes do Consorcio da Zona Franca de Vigo
- b) Tres representantes do Instituto Galego de Vivenda e Solo
- c) Tres representantes do Concello de Vigo

3.-As entidades consorciadas designarán ós suplentes dos seus representantes no Consello de Administración, quen substituirán ós titulares en caso de inasistencia.

4.-Asistirán con voz pero sen voto ás sesións do Consello de Administración o Xerente, o Secretario e Interventor do Consorcio, así como as persoas que, a xuízo do Presidente, conveña oír nalgún asunto concreto.

5.-O cargo de conselleiro non será retribuído, sen prexuízo das dietas por asistencia ás sesións dos órganos colexiados que o Consello de Administración poida determinar.

Art. 15.- Competencias do Consello de Administración.

1.- Corresponde ó Consello de Administración, exerce-las seguintes competencias:

- a) Exerce-lo goberno e a dirección superior de tódolos servizos do Consorcio.
- b) Aprobado inicialmente e propoñer ás Administracións consorciadas as modificacións dos Estatutos do Consorcio e das aportacións dos seus membros.
- c) Aprobado-la incorporación de novos membros do Consorcio así como a separación e a fixación das súas aportacións, establecendo as condicións en que deberá levarse a cabo dita incorporación e separación.
- d) Aprobado-la proposta dirixida ás Administracións consorciadas para a disolución do Consorcio.
- e) Aprobado-lo Orzamento anual do Consorcio e os plans e programas de actuación, inversión e financiación.
- f) Aprobado-las contas anuais previstas na lexislación vixente.
- g) Aprobado-la estrutura organizativa dos servizos do Consorcio en razón das necesidades da xestión derivadas dos obxectos establecidos para a consecución dos fins do Consorcio.
- h) Contratar Xerente, así como determina-las condicións para a prestación dos seus servizos, a proposta do Presidente.
- i) Aprobado-la plantilla de persoal e a relación de postos de traballo existentes na súa organización, as bases das probas para a selección de persoal, os concursos de provisión de postos de traballo e a oferta de emprego do Consorcio, todo elo de conformidade coa normativa vixente.
- l) Actuar como órgano de contratación naqueles contratos cuxo prezo supere os 60.000 €.
- m) Autorizar e dispoñer gastos e pagos dentro dos límites orzamentarios determinados nas Bases de Execución do Orzamento anual.
- n) Recibir, facerse cargo e administrar, coas limitacións que a lexislación vixente estableza, os bens do Consorcio, así como os procedentes de legados ou donacións.
- ñ) Adquirir e enaxenar toda clase de bens móbiles e inmóbiles.
- o) Aprobado-lo exercicio de toda clase de accións administrativas e xudiciais.
- p) Establece-las dietas por asistencia ás sesións dos órganos colexiados do Consorcio.

2.- Para maior axilidade na xestión, o Consello de Administración poderá crear no seu seo un Comité Executivo, a quen poderá delega-las facultades que determine, debendo concretar no acordo de creación a súa composición e réxime de organización e funcionamento.

Sección Terceira. Consello Asesor.

Art. 16.- Composición do Consello Asesor.

1.-O Consello Asesor estará integrado polos membros que designe o Consello de Administración a proposta das organizacións ou Administracións que representen sen que sexa posible delegación nin suplencia en ningún deles. Estas organizacións deberán ter competencia ou experiencia en materia de rehabilitación de edificios, xestión de inmobles, patrimonio histórico ou actividades similares.

O Consello de Administración designará ó Presidente de entre os membros indicados anteriormente.

2.- O Consello de Administración no momento de designación dos compoñentes do Consello Asesor concretará o réxime de funcionamento das sesións de dito Consello e o seu réxime de adopción de acordos.

3.- O cargo de membro do Consello Asesor non será retribuído, sen prexuízo do disposto no art. 14.1.p).

Art. 17.- Funcións do Consello Asesor.

O Consello Asesor actuará como órgano consultivo do Consorcio, correspondéndolle as seguintes atribucións:

- a) Informa-los convenios que vaian a subscribirse.
- b) Informa-los plans anuais de actuación.
- c) Emitilo seu informe sobre calesquera outras materias que lle someta o Consello de Administración.

Sección cuarta.- Xerencia do Consorcio.

Art. 18.- Xerente

1.- Corresponde ó Consello de Administración, contratar ó Xerente do Consorcio así como aproba-lo contrato de traballo que especificará o réxime xurídico ó que queda sometido.

2.- O cargo de Xerente do Consorcio deberá recaer sobre persoa técnicaamente cualificada.

3.- A retribución do Xerente do Consorcio será establecida polo Consello de Administración ó aproba-lo contrato de traballo correspondente.

Art.- 19.- Funcións e atribucións.

1.-O Xerente dirixe a xestión e administración do Consorcio sobre a base das directrices establecidas polo Consello de Administración e polo seu Presidente en execución daquelas.

2.- Corresponde ó Xerente exercer-las seguintes atribucións:

- a) *Elabora-la proposta de estrutura organizativa do Consorcio, de conformidade coas necesidades que se deriven dos obxectivos establecidos polo Consello de Administración.*
- b) *Elabora-las propostas de plantilla do Consorcio, as bases das probas para a selección de persoal e concursos de provisión de postos de traballo, de oferta de emprego do Consorcio, de adscrición ó mesmo dos funcionarios de carreira das Administracións consorciadas e a contratación de persoal laboral temporal no caso de necesidade.*

Asemesmo corresponderalle o exercicio de todas aquelas competencias que fagan referencia a retribucións, xornada de traballo, réxime de incompatibilidades e disciplinario e cese do persoal dependente do Consorcio, que deberán ser ratificadas polo Consello.

- c) *Elaborar, previa negociación coa representación dos traballadores ó servicio do Consorcio, os documentos que servan de base para establece-las condicións de traballo mediante acordos e convenios colectivos, de conformidade co que establezan as Leis orzamentarias para cada ano, así como o previsto na lexislación administrativa e laboral aplicable debendo someterse á aprobación do Consello de Administración.*
- d) *Elaborar, asistido do Interventor, o proxecto de Orzamento anual do mesmo.*
- e) *Elaborar, asistido do Interventor, os plans e propostas de actuación, inversión e financiación.*
- f) *Formar, xunta coa Intervención, as contas anuais.*
- g) *Prepara-la Orde do Día do Consello e formular propostas de acordos ó Consello de Administración e de resolucións ó Presidente do mesmo nos asuntos correspondentes á execución e desenvolvemento dos plans e programas de actuación, inversión e financiación, así como do Orzamento anual. Executa-los acordos do Consello.*
- h) *Ostenta-la xefatura inmediata do persoal.*
- i) *Velar polo cumprimento das normas legais aplicables en cada caso á actividade do Consorcio.*
- l) *Autorizar aqueles pagos e cobros que se atopan dentro do seu ámbito competencial segundo os límites sinalados polo Consello.*
- m) *Representar ó Consorcio ante entidades públicas e privadas ós exclusivos efectos de dar curso á tramitación administrativa ordinaria:*
- n) *Adquirir maquinaria, produtos ou mercaderías, fixando os seus prezos, condicións e forma de pago, sempre dentro dos límites fixados polo Consello.*
- ñ) *Celebrar, prorrogar e rescindir contratos mercantís, civís e administrativos cuxo importe non sobrepase o límite establecido polo Consello de Administración, que en ningún caso poderá supera-la cantidade de 60.000 €.*
- o) *Abrir e dispoñer, coa asistencia do Interventor, de contas correntes en entidades financeiras, firmando recibos e cheques ata o valor fixado polo Consello, sendo necesaria para valores superiores a sinatura conxunta do Presidente do Consorcio e Interventor.*
- p) *Autoriza-lo cobro e pago de cantidades en metálico nos termos e límites que fixe o Consello e facer ofrecemento, consignacións e compensacións.*
- q) *Todas aquelas atribucións que lle confiran ou deleguen o Consello de Administración ou o seu Presidente.*

Sección Quinta.- Outros órganos e medios persoais.

Art. 20.- Secretario e Interventor.

1.-Co fin de asegurar unha correcta xestión xurídico-administrativa e económico-financieira, o Consorcio contará cunha Secretaría Xeral e unha Intervención Xeral, correspondendo á primeira as funcións de asistencia e asesoramento xurídico dos órganos do Consorcio ademais das previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Á Intervención Xeral coesponderalle a función interventora e de auditoría contable.

2.-A designación do Secretario realizarase polo Consello de Administración. En todo caso ostentará a titulación de licenciatura en Dereito no procedemento de selección observaranse os principios de publicidade, merito e capacidade.

3.- A designación de Interventor realizarase a través de idéntico sistema do previsto para o Secretario Xeral. En todo caso ostentará a licenciatura en Dereito ou en Ciencias Económicas e Empresariais.

Art. 21.- Persoal

1.-O Consorcio poderá dispor de persoal propio, que se rexirá pola lexislación laboral vixente nos termos previstos no ordenamento xurídico.

2.- Non obstante, as labores do Consorcio poderán ser realizadas polo persoal das Entidades e Administracións integrantes do mesmo, mediante as fórmulas de colaboración ou adscrición que en cada caso se acorden.

CAPITULO SEGUNDO Funcionamento e réxime xurídico

Sección Primeira. Réxime de funcionamento

Art. 22.- Réxime de sesións.

1.- As sesións do Consello de Administración do Consorcio poderán ter carácter ordinario ou extraordinario, terán lugar no domicilio do Consorcio e non terán carácter público.

2.- Son sesións ordinarias aquelas cuxa periodicidade está preestablecida, fixándose a mesma mediante acordo do Consello de Administración adoptado na sesión constitutiva deste. Celebrarase sesión ordinaria, ó menos catro veces ó ano, con motivo da aprobación dos Orzamentos anuais e da Memoria de xestión económica e do balance de actividade. As sesións ordinarias convocaranse, ó menos, con dous días hábiles de antelación.

3.- Son sesións extraordinarias as que se convocan polo Presidente, con tal carácter, a iniciativa propia ou a solicitude dun tercio dos membros do Consello de Administración. As sesións extraordinarias convocaranse, ó menos, con dous días hábiles de antelación.

4.- Son sesións extraordinarias de carácter urxente as convocadas polo Presidente cando a urxencia do asunto ou asuntos a tratar non permitan convocar sesión extraordinaria coa antelación citada no parágrafo anterior.

Art. 23.- Convocatoria

As convocatorias correspondentes ás sesións ordinarias e extraordinarias do Consello de Administración do Consorcio cursaranse de orde do Presidente do mesmo, irán acompañadas da orde do día da acta anterior e sinalarán o día e a hora da primeira e segunda convocatorias, debendo mediar, entre ésta e aquela, un prazo mínimo dunha hora.

Art. 24.- Quórum.

1.-O Consello de Administración quedará validamente constituído, en primeira convocatoria, cando concurren ó mesmo o Presidente e o Secretario, ou quen legalmente lles substitúan, e, ó menos, a metade dos membros do Consello con dereito a voto.

2.- En segunda convocatoria quedará validamente constituído cando asistan o Presidente e o Secretario, ou quen legalmente lles substitúan, e ademais un tercio dos vocais con dereito a voto.

3.- O Consello de Administración poderá reunirse válidamente sen necesidade de previa convocatoria cando se atopen presentes a totalidade dos seus membros e así o acorden expresamente, requiríndose, asimesmo, a presenza do Secretario.

4.- Nas sesións ordinarias poderán adoptarse acordos sobre asuntos non incluídos na Orde do Día cando así o solicite algún membro por razóns de urxencia, e se aprobe a urxencia pola maioría absoluta do número legal de votos do Consello.

Art. 25.- Actas

1.- Levarase un Libro de Actas das sesións, donde se consignará, en cada acta, o lugar, día e hora en que comeza a sesión, os nome e apellidos do Presidente e asistentes, os asuntos sometidos a deliberación e os acordos adoptados, así como o sentido das votacións.

2.- As actas serán autorizadas coa sinatura do Secretario e o Visto e Prace do Presidente.

3.- Ademais do libro de actas do Consello de Administración, existirá un libro de actas por cada órgano colexiado, así como un libro de resolucións do Presidente e do Xerente, cuxa responsabilidade na súa levanza corresponderá ó Secretario.

Art. 26.- Adopción de acordos.

1.- O Consello de Administración adoptará os seus acordos por maioría simple do total de votos, dirimindo os empates o Presidente con voto de calidade.

2.- É necesario o voto unánime dos membros do Concello para a adopción dos acordos nas seguintes materias:

- a) Proposta de modificación dos Estatutos.
- b) Integración ou separación de membros no Consorcio e determinación das condicións en que debe realizarse.
- c) Proposta de disolución do Consorcio.
- d) Aprobación dos Plans de Actuación e dos Orzamentos.
- e) A contratación e designación do Xerente.
- f) Enaxenación de bens pertencentes ó Consorcio cando a súa contía exceda do 10% dos recursos ordinarios do orzamento anual.

Art. 27.- Eficacia dos acordos.

As decisións e acordos do Consorcio obrigan ás Administracións consorciadas. Os acordos e Resolucións do Consorcio deben publicarse ou notificarse na forma prevista na lexislación aplicable na materia.

Sección Segunda. Réxime xurídico.

Art. 28.- Actos do Consorcio

1.- En canto Administración Pública, o réxime xurídico dos actos do Consorcio suxetarase ás disposicións da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas, e as demais normas administrativas de alcance xeral.

2.- A súa contratación e a xestión do seu patrimonio levaranse a cabo de conformidade co Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e pola Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas.

3.- O Consello de Administración será o órgano de contratación respecto de aqueles contratos que, pola súa contía ou duración, excedan do ámbito competencial asinado ó Presidente nesta materia. Será igualmente o órgano competente para a concertación de operacións de crédito a medio e longo prazo, así como das operacións de tesourería.

Art. 29.- Recursos e reclamacións.

1.- Os actos de tódolos Órganos do Consorcio esgotan a vía administrativa, excepto os dictados polo Xerente no exercicio das súas competencias, que poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o Consello de Administración.

Tamén poderán ser susceptibles de recurso de reposición ante o órgano delegante os actos dictados polos órganos no exercicio de competencias delegadas.

2.- A reclamación previa á vía xudicial civil ou á laboral dirixirase ó Presidente do Consorcio, a quen corresponderá a resolución da mesma.

TITULO III

Patrimonio e Réxime económico-financieiro

CAPITULO PRIMEIRO

Patrimonio

Art. 30.- Patrimonio.

1.- O patrimonio do Consorcio estará constituído polo conxunto de bens, dereitos e accións que lle pertenzan.

2.- Este patrimonio poderá ser incrementado polos bens e dereitos que poden ser adquiridos polas entidades consorciadas, afectándoos ós fins do Consorcio, e polos adquiridos polo propio Consorcio en calquera outra persoa ou entidade pública ou privada.

3.- Quedarán afectos ós fins do Consorcio os bens que se designen polas Administracións e Entidades consorciadas con arranxo ó previsto no Convenio Fundacional, así como calesquera outros que poidan poñerse a disposición do Consorcio con posterioridade.

CAPITULO SEGUNDO

Facenda

Art. 31.- Composición

1.- A Facenda do Consorcio estará constituída por:

- a) A aportación inicial das Administracións consorciadas na proporción e as contías recollidas no Convenio Fundacional.
- b) As aportacións futuras que con destino a inversións e gastos correntes fagan, no seu caso, os entes consorciados.
- c) As aportacións dos entes que se incorporen ó Consorcio como membros de pleno dereito ó mesmo.
- d) As aportacións e subvencións, auxilios e donacións doutras entidades públicas ou privadas.
- e) As rendas, produtos de intereses dos bens mobles, inmobles, dereitos reais, créditos e demais dereitos integrantes do Patrimonio do Consorcio.
- f) Calesquera outros rendimentos que lle corresponda percibir.

2.- A Facenda do Consorcio responderá das obrigas e débedas contraídas polo mesmo.

3.- No caso de que algún dos entes consorciados incumpra as súas obrigas financeiras para co Consorcio, o Consello de Administración procederá a requiri-lo seu cumprimento. Se pasado o prazo de un mes dende o requerimento non se houberan realizado as aportacións previstas, o Consello de Administración, oído o ente público afectado, poderá proceder a suspendela da súa participación no Consorcio, cos efectos que no acordo de suspensión se determinen.

Art. 32.- Contabilidade

O Consorcio levará o mesmo sistema de contabilidade que rexe para as Administracións Públicas, con independencia de que o Consello de Administración puidera establecer outras formas complementarias para o estudio de rendimento e produtividade.

CAPITULO TERCEIRO

Orzamento

Art. 33.- Aprobación anual

1.- O Consorcio disporá anualmente dun Orzamento propio, cuxo proxecto será elaborado polo Xerente, asistido do Interventor do Consorcio, que será aprobado polo Consello de Administración.

2.- En tanto o Consorcio conte con financiación maioritaria a cargo do Consorcio da Zona Franca de Vigo aplicaráselle o seu réxime orzamentario, as disposicións atinentes ás entidades públicas empresariais contidas na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria.

TITULO IV

Fiscalización e control

Art. 34.- Competencia

Ás Administracións Consorciadas correspóndelle, no exercicio das súas propias competencias, a alta inspección das xestión desenvolta polo Consorcio.

Art. 35.- Memoria

1.- O Presidente do Consorcio presentará anualmente, no primeiro trimestre do ano, ó Consello de Administración a Memoria de Xestión Económica e do Balance de Actividade.

2.- O Consello de Administración, unha vez aprobada a Memoria da Xestión Económica e do Balance de Actividade, dará coñecemento desta ás Administracións consorciadas.

Art. 36.- Fiscalización

A actividade económico-financieira do Consorcio está suxeita ás actuacións de control interno e externo nos termos establecidos na lexislación aplicable.

O control interno será exercido pola Intervención do Consorcio e revestirá as modalidades de función interventora e de control financeiro e de calidade.

TITULO V

Modificación e disolución do consorcio

Art. 37.- Modificación

1.- A modificación destes Estatutos, previo acordo do Consello de Administración co quórum establecido nos presentes Estatutos, haberá de ser aprobada polas entidades consorciadas.

Art. 38.- Disolución

1.- O Consorcio disolverase por algunha das causas seguintes:

- a) Pola transformación do Consorcio noutra entidade, por acordo do Consello de Administración, aprobado polos Entes Públicos consorciados.
- b) Por calquera outra causa e xustificando interese público sempre que o acorden os Entes Públicos consorciados.
- c) Polo transcurso do seu prazo legal de existencia.

2.- O acordo de disolución determinará a forma en que haxa de procederse á reversión das obras e instalacións existentes ás entidades consorciadas que as aportaron ou puxeron a disposición. O reparto do patrimonio resultante da actividade propia do Consorcio entre os entes consorciados efectuarase en proporción ó importe das súas aportacións.

3.- O reparto realizarase a proposta dunha Comisión Liquidadora designada polo Consello que presentará un proxecto de liquidación que ademais de contemplar a realización dos créditos acreedores e a liquidación dos debedores asignará a cada ente consorciado as vivendas e locais das edificacións adquiridas e rehabilitadas.

Art. 39.- Separación de membros

1.- A separación dalgún membro do Consorcio só poderá realizarse cando se atope ó corrente no cumprimento das obrigas e compromisos anteriores e garantice o cumprimento das obrigas pendentes.

2.- Manifestada a vontade de separación pola Entidade Consorciada, o Consello de Administración procederá a designar unha Comisión Liquidadora que, atendendo ás posibles perturbacións nas actividades do Consorcio que dita separación pode producir, propondrá ó Consello de Administración as condicións e efectos da separación.

3.- O Consello de Administración, oída a proposta da Comisión Liquidadora, aprobará a separación do Ente Consorciado nas condicións e cos efectos que en dito acordo se determinen, notificándose á Entidade interesada a efectos da súa aprobación por ela.

A separación surtirá efectos dende o día seguinte á adopción do acordo aceptando as condicións e os efectos de dita separación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Mentres non se proceda polo Consello de Administración á designación das persoas que desempeñarán os postos de Secretaría e Intervención realizarán esas funcións o Secretario do Pleno e a Interventora do Concello de Vigo.

DISPOSICIÓN FINAL

Os presentes Estatutos entrarán en vigor ó día seguinte a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

E non sendo outro o obxecto da reunión, sendo as 10.15 h do día indicado conclue a mesma redactándose, en proba do acordado a presente acta que firman conmigo, Secretario, os intervinetes en proba da súa conformidade.

D^a Marta Riobó Ibañez D. Andres Iglesias López D^a Clara Rodríguez Fernández

D. José Riesgo Boluda D^a Teresa Morán Calero D. Arturo Conde Aldemira.

33.(1286)- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 4.10.04 DE CONSTITUCIÓN DUNHA COMISIÓN ESPECIAL DE SEGUIMIENTO QUE ASEGURE O CORRECTO FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS QUE SE PRESTAN A TRAVÉS DE CONCESIONARIAS.

Dáse conta da resolución de Alcaldía de data 4.10.04 sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

A indubidable transcendencia de determinados servizos públicos de carácter básico e esencial tales como recollida domiciliaria de lixo; abastecemento, saneamento e depuración de augas; control técnico do tráfico rodado;

transporte urbano de viaxeiros e outros de importancia análoga requiren dun control e seguimento específico máxime cando a prestación deles se efectúa a través de xestión indirecta mediante empresas concesionarias.

Co fin de potencia-lo control desa xestión e inspeccionar e fiscaliza-lo cumprimento das disposicións aplicables en cada servizo e condicións propias das respectivas concesións, esta Alcaldía en uso das facultades que lle outorga o art. 21.1.d) da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, sen prexuízo de estruturar con posterioridade esta organización mediante a creación da correspondente unidade administrativa, acorda:

Primeiro.- Crear baixo a miña dependencia unha Comisión Especial de Seguimento que asegure o correcto funcionamento daqueles servizos públicos municipais que se prestan a través de concesionarias.

Segundo.- A Comisión, que poderá auxiliarse co persoal adscrito ás dependencias que se mencionan, estará integrada polos seguintes funcionarios municipais.

- Xefe do Servizo de Investimentos.
- Xefe do Servizo de Electromecánicos.
- Xefe do Servizo do Laboratorio Municipal e Coordinador de Medio Ambiente.
- Director dos Servizos Técnicos da Xerencia de Urbanismo.
- Xefe da Área de Mobilidade e Seguridade.
- Xefe do Control de Concesionarias.

Terceiro.- Actuará como Secretario da Comisión o Secretario do Pleno do Concello.

Cuarto.- Para o su funcionamento interno, réxime de reunións e cuestións análogas a Comisión poderá establecer e adoptar-las medidas e principios que considere conveniente.

Quinto.- A Comisión elevará a esta Alcaldía cantas propostas considere oportunas dirixidas a asegura-lo bo funcionamento dos servizos sen prexuízo da súa facultade de dictar por si mesma cantas ordes considere necesarias das que dará conta a esta Alcaldía. A estes efectos poderá inspeccionar calquera tipo de obras, instalacións, locais e documentación das empresas adxudicatarias relacionadas coa concesión.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

34.(1287)- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE ALUGUER DE MAQUINARIA CON OPERADORES PARA O CONCELLO DE VIGO (SERVIZO DE VÍAS E OBRAS). EXPTE. 42263/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras, do 15.09.04, e conformado polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras, o prego de condicións administrativas do 16.09.04 e a súa modificación do 24.09.04, asinados polo xefe Administrativo de Vías e Obras e polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, ambos para a contratación do aluguer de maquinaria con operadores para o Concello de Vigo; visto o informe xurídico do 22.09.04 e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras e o asesor xurídico

da Área de Servizos Xerais, do 16.09.04, conformado polos enxeñeiro xefe de Vías e Obras, polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato de aluguer de maquinaria para o servicio de Vías e Obras elaborado por dito Servicio con data 16.09.2004.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado polo servicio de Vías e Obras con data 16 de setembro de 2004 para a contratación por concurso aberto do aluguer de maquinaria para o servicio de Vía e Obras

3º.- Autorizar o gasto de 108.000,00 euros para a contratación do aluguer de maquinaria para o servicio de Vías e Obras con cargo á partida 511.0.210.00.00 do presuposto 2003 prorrogado para o ano 2004.

4º.- Convocar o concurso para a selección do contratista polo procedemento de urxencia e na forma prevista na lexislación vixente.

35.(1288)- PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DAS RÚAS DO ENTORNO DA PRAZA DE COMPOSTELA DE VIGO. EXPTE. 42574/250.

Examinadas as actuacións e de conformidade co informe-proposta do coordinador de Área de Aservizos Xerais, do 6.10.04, conformado polo concelleiro de Área de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o proxecto de Humanización das rúas do entorno da Praza de Compostela na cidade de Vigo coas modificacións solicitadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 22.09.04, co obxecto de remitir o mesmo ao Consorcio da Zona Franca de Vigo a fin de que instrúa expediente de contratación para adxudicación das obras.

36.(1289)- PROPOSTA DE ANULACIÓN DE SALDOS PENDENTES DE COBRO DO PRESUPOSTO DE INGRESOS (EXERCICIOS PECHADOS) CORRESPONDENTES A SUBVENCIONS E LIQUIDACIONES. EXPTE.8/2004.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Contabilidade, de 30.09.04, conformado pola interventora xeral e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno, acorda:

Anular os saldos pendentes de cobro do Presuposto de Ingresos (exercicios pechados), polos importes e conceptos seguinte:

<u>AÑO</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>SUBVENCION</u>	<u>IMPORTE EUROS</u>
2000	45510	Orientación ao emprego	11.403,98
2000	45525	Mar de Vigo	91.433,16
2000	45102	Funcionamiento OMIC	8.017,36
2000	45102	Adquisición mobiliario OMIC	4.259,62
2000	45102	Adquisición fax, fotocopiadora	4.444,48
2001	45553	Transferencia Vigo-Zoo	12.110,64

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

37.(1290)- NOMEAMENTO DE INTERINOS PARA COBERTURA DUNHA PRAZA VACANTE DE ADMINISTRATIVO/A DE ADMÓN. XERAL E DE TRES SUBALTERNOS/AS. EXPTE. 15296/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 6.10.04, conformado polo concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

No cadro de persoal e relación de postos de traballo vixente, aprobado definitivamente polo pleno da Corporación Municipal na sesión de data 14 de Xaneiro de 2003 (BOP de Pontevedra de 6 de xuño de 2003), actualmente prorrogado, figuran vacantes, por xubilación ou falecemento dos seus titulares, entre outras, unha praza de administrativo de administración xeral e tres prazas de subalterno, con postos de igual denominación nos servizos de Intervención Xeral, Conserxería, Bibliotecas e Xerencia do Parque Central de Servizos respectivamente, que son necesarias cubrir para garanti-lo normal funcionamento dos referidos Servizos, tal e como se reflexa, entre outros, nos escritos de datas 9 de setembro do Xerente do Parque Central, 29 de xuño de 2004 do Xefe do Departamento de Cultura e 1 e 4 de outubro pasado da Interventora Xeral e da xefa de subalternos, respectivamente.

Recentemente tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de catro prazas de subalterno, incluídas na oferta de emprego público correspondente ó ano 2002, figurando na acta do tribunal de data 18 de decembro de 2003 como quinta, sexta, sétimo e oitava aspirantes que obtiveron as puntuacións máis altas, resolvéndose o seu nomeamento interino por resolucións de datas 12 de febreiro e 29 de xuño respectivamente, en execución dos acordos da Xunta de Goberno Local de datas 9 de febreiro e 21 de xuño do presente ano. Así mesmo, na referida acta figuran como novena, décima e decimoprimeira aspirantes que obtiveron as puntuacións máis altas, Dª. Marta Mª. González Torres, NIF 44.082.170-W, Dª. Mª. José Jelusich Diz, NIF

36.031.327-X e D^a. Mónica Domínguez Estévez, NIF 34.627.814-A, aceptando expresamente as dúas primeiras mediante escritos de data 5 de outubro pasado e, renunciando as dúas seguintes aspirantes D^a. Mónica Domínguez Estévez e D^a. Milagros Pereira Antonio, mediante escritos da mesma data, procedéndose ó chamamento da seguinte aspirante da lista que se corresponde con D^a. Patricia Cid Mouteira, NIF 36.132.072-S, que tamén aceptou mediante escrito de data 5 de outubro pasado un eventual nomeamento interino.

Por outra banda e, en execución dos acordos da Xunta Local de Goberno de datas 24 de maio e 14 de xuño de 2004, procedeuse ó nomeamento interino dunha administrativa de administración xeral, figurando na acta do tribunal de data 20 de setembro ppdo. como segunda aspirante que superou todos e cada un dos exercicios da referida oposición a aspirante D^a. Marta Iglesias Pereira, NIF 36.146.940-W, polo que, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasou a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeada ou contratada como persoal interino ou laboral, segundo o disposto na disposición transitoria do decreto 116/93, do 3 de xuño, da Consellería de Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, en concordancia coa Disposición Adicional primeira do RD 896/91, de 7 de xuño. a cal terá validez ata a resolución da próxima oferta de emprego público.

Requeridas as aspirantes das listas de substitucións a que se refiren ós anteriores parágrafos, estas aceptaron expresamente, mediante escritos de 6 de outubro actual, optar ós referidos nomeamentos interinos ata que se resolva a súa cobertura definitiva a través das probas selectivas correspondentes á primeira oferta de emprego público que convoque este Concello.

De conformidade co disposto no artigo 5 da lei de funcionarios civís do Estado, de 7 de febreiro de 1964, en concordancia co disposto no artigo 7 da lei 4/88, de 26 de maio da función pública de Galicia, son funcionarios interinos aqueles quen por razón de necesidade ou urxencia, ocupen prazas de plantilla en tanto non se provean por funcionarios de carreira.

Consonte ó disposto no artigo 104.1 da lei de funcionarios civís do Estado para poder proceder ó seu nomeamento será preciso que a prestación do servizo non sexa posible realizar coa urxencia esixida polas circunstancias, por funcionarios de carreira.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado cando a praza que desempeñen interinamente sexa provista polo procedemento legalmente establecido.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante.

De conformidade co disposto no artigo 27.1 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral do ingreso do persoal ó servizo da administración xeral do Estado, en concordancia co disposto no artigo 19 do decreto autonómico 95/91 de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección e ingreso do persoal da administración autónoma de Galicia, o procedemento deberá posibilita-la máxima axilidade na selección en razón á urxencia requirida para cubrir transitoriamente os postos de traballo en tanto se destina ós mesmos a funcionarios de carreira.

De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 5 de maio de 2003, referentes á oferta de emprego público do ano 2002, “os candidatos que non habendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral, segundo o disposto na disposición transitoria do decreto 116/93 do 3 de xuño, da Consellería de Presidencia e Admón. Pública da Xunta de Galicia, a cal terá validez ata a resolución da próxima oferta de emprego público, pendente de convocar. No

mesmo senso, a Base VII das que rexeron o procedemento de selección interino dunha praza de administrativa de administración xeral, publicada no BOP de data 12 de xullo de 2004, “os/as candidatos/as que superen tódalas probas de que consta esta oposición, e que non poidan ser nomeados para desempeña-la praza ofertada interinamente, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser eventualmente nomeados/as como persoal interino (para o caso de producirse novas vacantes) ou ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades coxunturais.

Dita lista terá validez ata a resolución da próxima Oferta Pública de Emprego, ou no seu defecto ata que se produza nova convocatoria de interinaxes.”

Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamento proposto en rexime de interinidade, xa que as citadas candidatas superaron os exercicios da oposición para a cobertura de catro prazas de subalterno e un administrativo de administración xeral.

Asemade, e segundo o disposto no artigo 20 da Lei 61/03, de 30 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2004, poderá procederse ao nomeamento de persoal interino para cubrir necesidades urxentes e inapazables, como é o caso.

Por isto, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h, da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, o Xefe de Unidade de Persoal que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte,

PROPOSTA:

Primeiro.- Declarar a urxencia para proceder á cobertura dunha funcionaria interina, con cargo a praza vacante de Administrativo de Administración Xeral, Escala Administración Xeral, Subescala Técnica, Clase Superior e, tres prazas de Subalterno, Escala Administración Xeral, Subescala Subalterna.

Segundo.- Nomear interinamente con cargo a praza vacante de Administrativo de Administración Xeral, a D^a. MARTA IGLESIAS PEREIRA, NIF 36.146.940-W, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión interina dunha praza de administrativo de administración xeral, de conformidade coas bases xerais da mesma e co disposto na disposición transitoria do Decreto 116/93, de 3 de xuño, da Consellería de Presidencia e Administración pública da Xunta de Galicia, en concordancia co disposto no art. 3.3 da Orde 1461/2002, do 6 de xuño do Ministerio para as Administracións Públicas.

Terceiro.- Nomear interinamente con cargo a prazas vacantes de Subalternos, ás aspirantes D^a. MARTA MARÍA GONZÁLEZ TORRES, NIF 44.082.170-W, D^a. M^a. JOSÉ JELUSICH DIZ, NIF 36.031.327-X e D^a. PATRICIA CID MOUTEIRA, NIF nº 36.132.072-S, que superaron tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de subalternos, de conformidade coa normativa que figura no anterior parágrafo.

Cuarto.- A relación funcional de interinaxe extinguirse automaticamente no momento no que se cubran definitivamente as prazas ás que se adscriba as interesadas previa resolución dos procedementos públicos que a tales efectos se convoquen.”

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

38.(1291)- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS DURANTE O EXERCICIO 2004. EXPTE. 1149/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico responsable do Servizo de Festas, do 30.08.04, conformado polo concelleiro de Festas e A. Sociocultural e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Resolver a convocatoria de subvencións para actividades socioculturais realizadas durante o exercicio 2004, a favor das entidades que se relacionan a continuación, por un importe total de 91.950.-€ con cargo á partida 451.2.489.00.00, fase A núm 6356 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado, polos conceptos e importes indicados en cada caso:

1.-AVCD MONTE DA MINA CIF G-36623593 Festa da convivencia	1.200 €
2.-CCR DE CABRAL CIF G-36658680 XVIII Romaría do Pan de Millo.	1.200 €
3.-AVV "CAMIÑO VELLO" DE COIA CIF G-36648186 III Cine ao aire libre	1.200 €
4.-AVC DO CASCO VELLO CIF G-36645885 Festa dos Maios	1.500 €
5.-PLAN COMUNITARIO DE TEIS CIF G-36791960 Recuperación e potenciación de festas populares	1.200 €
6.-AVV "DR. JOSÉ CASAS" DA VILA DE BOUZAS CIF G-36641033 Festa Centenario e Noite de San Xoán	1.000 €
7.-SC FESTAS DA CONSOLACIÓN DE COIA CIF G-36633030 Festas da Consolación.	6.000 €

8.-IRMANDADE DE SANTA ANA DE BEADE CIF G-36648095 Festa de Santa Ana.	800 €
9.-AVCD LAVADORES CIF G-36633618 Festas populares e Festa da Amizade.	1.200 €
10.-SCD "ATLÁNTIDA" DE MATAMÁ CIF G-36620854 XX Festa do Socio	1.200 €
11.-FED. DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO" CIF G-36704666 Programa de exposicións	1.700 €
12.-AVCU- CSCR DE BEADE CIF G-36632081 XIX Festa da Cereixa	1.400 €
13.- AVSCD "O FREIXO" CIF G-36654184 Festas populares (entroido, magosto...) e animación infantil.	650 €
14.-AETRAVI CIF G-36847861 Festa de Fin de ano.	6.000 €
15.- CCAR RUEIRO CIF G-36626802 Actividades culturais diversas.	600 €
16.- AGRUP. FOLC. LEMBRANZAS GALEGAS CIF G-36649135 Cursos de danza e música tradicional.	1.500 €
17.- A.AA D. BOSCO Mª AUXILIADORA CIF G-36636231 Actividades culturais diversas.	600 €
18.- AVV "ROSALIA DE CASTRO" DA SALGUEIRA CIF G-36644904 Festas de Santa Lucía e San Xoán.	1.200 €

19.- C. FESTAS S. XOÁN BAUTISTA DE FREIXO CIF G-36791846 Festa de San Xoán.	600 €
21.-AVV DR. FLEMING CIF G- 36709004 Programa “Descobre o teu medio” e Festa Veciñal.	1.200 €
22.- AG. CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS CIF G-36791291 Programa sociocultural “Vente con nós” III Semana de Teatro Afeccionado.	11.500 €
24.- ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA CORISCO CIF G-36652683 Festival de Inverno e participación en festivais.	1.500 €
25.- COMISIÓN FESTAS NSA. SRA. DAS NEVES DA GUIA CIF G-36731404 Festas patronais da Guía.	600 €
27 ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA "O FIADEIRO" CIF G-36812204 Espectáculo folclórico “Esta noite hai unha fía”.	1.500 €
29.- AVV "AS FONTES" CIF G-36684991 Festas populares (San Xoán, magosto...)	600 €
30.- ASOC IRMANDADE FESTAS PATRONAIS CANDEÁN CIF G-36757003 Romaría de San Cristovo.	1.000 €
31.- ASOC CULTURAL SAN SALVADOR DE TEIS CIF G-36769214 Festas de San Salvador.	1.000 €
33.- AVV “FEIRA” DE CABRAL CIF G-36729796 III Festa do Xurelo.	400 €
36.- HDAD FESTAS SAN BLAS E SANTIAGO APÓSTOL CIF G- 36705036 Festas na honra de Santiago Apóstol.	1.200 €
37.- ASOC. CULTURAL "O COTO" CIF G-36627941 XVII Festa do Cabazo.	1.000 €

39.- SCDR HELIOS	1.400 €
CIF G-36633428	
Día Mundial do Acordeón e Festival Folclórico.	
40.- AVV "RUAS E FONTES"	1.200 €
CIF G-36655942	
Actividades culturais diversas.	
41.- AVV de CABRAL	1.200 €
CIF G-36651073	
Actividades culturais diversas.	
43.- ACD "XESTAS"	600 €
CIF G-36628543	
X Certamen da Tortilla e Churrasco.	
45.- ASOC CULTURAL "FOLÍA"	600 €
CIF G-36911220	
II Folia-Festival Folk.	
46.- AGRUPACIÓN COMISIÓNS DE FESTAS DE VIGO	10.000 €
CIF G-36659563	
Celebración de 16 festas populares nos barrios	
(San Blas e As Candelas de Castrelos, San Isidro de Moledo, Ascensión de Bembrive, San Pedro de Sárdoma, San Paio de Navia, San Bieito de Candeán, Santa Baia de Alcabre, Santa Cristina de Lavadores, San Salvador de Coruxo, Os Liñares de Canido, Os pexegos de Candeán, As Dores de Cabral, San Ciprián de Bembrive, San Miguel de Oia, O Rosario de Lavadores e Santa Mariña de Cabral).	
47.- AVV-SCD SAN MIGUEL OIA	1.200 €
CIF-G 36648640	
Festas populares (entroido, San Xoán, magosto...)	
48.- AVV SAN ROQUE	300 €
CIF G-36659894	
Actividades culturais diversas.	
49.- AVCR "SAN MAMEDE" DE ZAMÁNS	400 €
CIF G-36691855	
Festas populares (entroido, San Xoán, magosto...)	
51.- AVV DE OUTEIRO	600 €
CIF G-36658854	
Magosto popular.	
55.- ASOC. MARIÑEIROS DE SAN MIGUEL DE BOUZAS	600 €
CIF G-36799351	
Xuntanza de embarcacións tradicionais.	

56.- AVCD SAMPAIO CIF G-36648103 Festas populares (entroido, magosto...)	1.200 €
57.- AVCD "SAN XURXO" DE SAIÁNS CIF G-36648988 XIX Festa da Amistade.	1.200 €
58.- CRAC DE CORUXO CIF G-36627495 XVI Homenaxe ao gaiteiro.	1.200 €
59.- AVV DO CALVARIO CIF G-36648293 Verbena popular.	300 €
63.- ASOC. INTEGRACIÓN GALEGO-BRASILEIRA CIF G-36920288 Concurso fotográfico.	200 €
66.- AVV "NOSA TERRA" DE ALCABRE CIF G-36649374 Festa do solsticio de verán.	1.200 €
69.- ASOC. ASTRONÓMICA "AA GALILEO GALILEI" CIF G-36654903 Exposición "Universo e Terra".	1.800 €
70.- CASA DE ANDALUCÍA CIF G-36621290 Feira de Abril	300 €
72.- CCAR VALADARES CIF G-36617082 V Certame de Humor.	1.200.-€
74.- AVCVeC "EMILIO CRESPO" DE NAVIA CIF G-36648608 Festa de San Xoán e V Maratón Radiofónico.	1.200 €
77.- AVV PONTENOVA-FREIXEIRO CIF G-36641710 Festa patronal de Santo Tomé.	200 €
78.-AVV "PRAZA DA MIÑOCA" G-36842284 Festa popular e Verbena de San Antonio.	300 €

79.- AVV "A UNIÓN" DE MATAMA CIF G-36654036 Festa Nosa Señora das Neves.	1.100 €
80.- HDAD. DEVOTOS SAN ROQUE CIF G-36763225 Romaría de San Roque.	6.000 €
81.- AVV CRISTO DA VICTORIA CIF G-36622793 XII Festival Folclórico.	1.200 €
84.- SCRCD NAUTILIUS CIF G-36631703 Actividades culturais diversas.	1.200 €
85.- UVCD DE CANDEÁN CIF G-36863348 XX Romaría do Vixiador.	1.200 €
88.- IRMANDADE DE SAN CAMPIO CIF G-36840940 Concertos de bandas.	300 €
90.-ASOC. CULTURAL TRIANA CIF G-36895993 III Feira Trianera.	300 €

2º.- Desestimar as solicitudes de subvención que se relacionan a continuación, dacordo co apartado da base sétima da convocatoria indicado en cada caso:

20.-ASOCIACIÓN DE SORDOS DE VIGO	apartado a)
23.- ASOCIACIÓN DE MULLERES "XESTAS"	apartados a) máis e).
26.- ASOCIACIÓN BENÉFICA BEIRAMAR	apartado a)
28.-ASOC XUVENIL DO CSCR DE BEADE	apartado a)
32.-BANDA ESCOLA DE BEADE	apartado f)
34.- REAL CLUB NAUTICO DE VIGO	apartado e)
35.- FUNDAL	apartado a)

38.- LEGAIS	apartado e)
42.-AVV "AGARIMO" DE SAN XÓAN POULO	apartado c)
44.- CENTRO DE INFORMACIÓN A TRABALLADORES EXTRANXEIROS	apartado a)
50.- ASOC. DE AXUDA AO TOXICÓMANO "ÉRGUETE"	apartado a)
52.- FEDERACIÓN DE PEÑAS DO RC CELTA	apartado a)
53.- AFIBROPO	apartado a)
54.-AVV "O CARBALLO"	apartado c)
60.- FUNDACION IGUAL ARTE	apartado a)
61.- ASOC. GALEGA DE PROFESIONAIS DA DANZA	apartado f)
62.- PLAN COMUNITARIO CASCO VELLO xa que a certificación da Seguridade Social aportada está en investigación por esa Administración.	apartado e)
64.- ASOC. CULTURAL COPPELIA	apartado f)
65.- MONICA DE LA PEÑA COSTAS	apartados a) e f)
67.- ASOC AXUDA DA XUVENTUDE "FLOR DE LIS"	apartado a) máis e).
68.- SCOUTS B-P DE GALICIA	apartado a) e f)
71.- AVV "AS NOSAS RÚAS"	apartado e)
73.- COMUNIDADE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE VALADARES	apartado f)
76.- CLUB DE MONTAÑEROS CELTAS	apartado a) e f)
82.- SCRDE DE PARDAVILA	apartado e)
83.- CINECLUB UNIVERSITARIO "KINEMA"	apartado e)
86.-ASOC. XUNTANZA XUENIL	apartado a)
87.-ASOCIACION ORAL DE GALICIA	apartado f)
89.- AIDA	apartado d)
91.- ASOC. CULTURAL DE DANZA "GORGOLLADA"	apartado d)

39.(1292)- DAR CONTA DO APRAZAMENTO DA 3ª MARCHA EN BICICLETA “VIGO A GOLPE DE PEDAL” QUE SE REALIZARÁ O VINDEIRO 17 DE OUTUBRO.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do aprazamento da 3ª Marcha en Bicicleta “Vigo a Golpe de Pedal”, autorizada pola Xunta de Goberno de data 4.10.04 para realizala o 10.10.04, que terá lugar o vindeiro día 17.10.04.

40 (1293).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás once horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez